

# ***PLENO DO PARLAMENTO***

***4 de abril de 2017***

***10.00 horas***

## ÍNDICE

	<u>Páx.</u>
<b>Convocatoria do Pleno</b> .....	<u>1</u>
<b>Relación de membros da Cámara</b> .....	<u>7</u>
<b>Listado para votación</b> .....	<u>9</u>
<b>Punto 1.</b> Ditame da Comisión do Estatuto dos Deputados, do 21 de marzo de 2017, sobre as declaracións de actividades das deputadas e dos deputados da X Lexislatura.....	<u>12</u>
<b>Punto 2. Comparecencia</b> .....	<u>15</u>
1138 (10/PPP-000009) Do Sr. conselleiro de Facenda, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento. <i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 15, do 16.11.2016</i> .....	<u>16</u>
<b>Punto 3. Mocións</b> .....	<u>18</u>
3.1 7053 (10/MOC-000023) Grupo Parlamentario de En Marea Solla Fernández, Eva	
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de saúde mental. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 5106, publicada no BOPG nº 71, do 22.02.2017, e debatida na sesión plenaria do 21.03.2017) .....	<u>19</u>
3.2 7054 (10/MOC-000024) Grupo Parlamentario de En Marea	
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa distribución da renda salarial. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 2374, publicada no BOPG nº 36, do 28.12.2016, e debatida na sesión plenaria do 21.03.2017).....	<u>22</u>
3.3 7065 (10/MOC-000025) Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia Blanco Rodríguez, Noela	
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación económica e social da mocidade, e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia laboral. (Moción, a consecuencia da Interpelación	

nº 1215, publicada no BOPG nº 18, do 23.11.2016, e debatida na sesión plenaria do 21.03.2017) ..... [25](#)

**Punto 4. Proposicións non de lei en Pleno.....** [31](#)

4.1 4369 (10/PNP-000360)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dos mecanismos necesarios para consensuar coas forzas políticas a posición que vai defender Galicia na Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado en relación co Pacto de Estado social e político pola educación.

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 62, do 08.02.2017.....* [32](#)

4.2 5148 (10/PNP-000432)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para frear a praga da avespiña do castiñeiro

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 71, do 22.02.2017.....* [35](#)

4.3 5234 (10/PNP-000439)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia, xunto coa Fegamp, da creación de cemiterios de carácter supramunicipal que poidan atender a demanda de enterramentos conforme os requisitos das confesións minoritarias con maior arraigamento en Galicia.

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 71, do 22.02.2017.....* [39](#)

4.4 5350 (10/PNP-000449)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Ministerio de Xustiza do incremento Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co actual sistema de concesión e a normativa reguladora de bolsas e axudas ao estudo.

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 75, do 01.03.2017.....* [43](#)

4.5 6206 (10/PNP-000536)

Grupo Parlamentario de En Marea  
Casal Vidal, Francisco e 3 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento para o desenvolvemento pola sociedade pública Suelo Empresarial del Atlántico, S. L. de novos procesos de venda de parcelas con prezos bonificados que fagan máis competitivo o polígono industrial de Vimianzo e de iniciativas para a súa promoción, así como o inicio dos trámites para acadar a transferencia a Xestur de todas as ofertas de solo industrial en Galicia.

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 83, do 15.03.2017.....*[49](#)

4.6 6345 (10/PNP-000554)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Antón Vilasánchez, María Ángeles e 6 máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun programa de conmemoración do 30º aniversario da declaración pola Unión Europea do Camiño de Santiago como Primeiro itinerario cultural europeo no que se recollan actuacións de recoñecemento dos demais itinerarios europeos do Consello de Europa dos que participa Galicia.

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 83, do 15.03.2017.....*[55](#)

4.7 6483 (10/PNP-000572)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o impulso polo Goberno galego dun plan integral de actuacións para mellorar a calidade de vida e minimizar o impacto das diversas infraestruturas de comunicación na parroquia de Chapela, no concello de Redondela.

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 87, do 22.03.2017.....*[58](#)

4.8 6702 (10/PNP-000590)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Ministerio de Fomento dos investimentos precisos para garantir un servizo ferroviario de ancho métrico (Renfe-Feve) en Galicia nas mellores condicións posibles, así como a transferencia á Xunta de Galicia das competencias na materia.

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 87, do 22.03.2017.....*[64](#)

**Punto 5. Interpelacións.....[69](#)**

5.1 1048 (10/INT-000032)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a política do Goberno galego en relación coas reválidas de segundo de bacharelato establecidas na LOMCE.

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 18, do 23.11.2016.....[70](#)*

5.2 6362 (10/INT-000259)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a inmatriculación no rexistro da propiedade de bens inmobles da Igrexa católica.

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 84, do 16.03.2017.....[74](#)*

5.3 6747 (10/INT-000275)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co servizo de transporte sanitario terrestre.

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88, do 23.03.2017.....[77](#)*

**Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta .....[82](#)**

6.1 7111 (10/POPX-000025)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a dispoñibilidade polo Goberno galego dalgún plan para frear o deterioro socioeconómico do rural.....[83](#)

6.2 7127 (10/POPX-000026)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a garantía polo Goberno galego do uso de todos os recursos que ten para atallar os problemas de Galicia .....[85](#)

6.3 7128 (10/POPX-000027)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as zonas grises que hai no financiamento da Xunta de Galicia.....[87](#)

**Punto 7. Preguntas ao Goberno.....[89](#)**

7.1 7110 (10/PUP-000070)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central do mantemento dos rexistros da propiedade suprimidos en Galicia polo Real Decreto 195/2017, do 3 de marzo.....[90](#)

7.2 5839 (10/POP-000765)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do mantemento do uso sociosanitario dos terreos da antiga Residencia de Lugo.  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 79, do 08.03.2017.....[93](#)*

7.3 7126 (10/PUP-000071)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 6 máis

Sobre a posición defendida por Galicia na Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado respecto da necesidade dun pacto de Estado social e político pola educación .....[97](#)

7.4 7135 (10/PUP-000072)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego diante da contradición evidente entre os novos criterios de financiamento do ensino concertado e o plan de educación en igualdade da Xunta de Galicia .....[100](#)

7.5 2910 (10/POP-000308)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da construción urxente dun novo centro de saúde na antiga Comandancia de Mariña de Vilagarcía de

Arousa.

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 43, do 12.01.2017*..... [104](#)

7.6 6529 (10/POP-000846)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da implementación de medidas de mellora para o Hospital Virxe da Xunqueira de Cee.

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 87, do 22.03.2017*..... [107](#)

7.7 6647 (10/POP-000860)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta e 7 máis

Sobre o número de familias que se beneficiaron do Plan de axudas á natalidade dende a súa posta en marcha.

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 87, do 22.03.2017*..... [111](#)

7.8 6678 (10/POP-000865)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

*Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da continuación coa concesión de subvencións a asociacións de apoio á muller embarazada.*

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 87, do 22.03.2017*..... [114](#)

7.9 7100 (10/PUP-000069)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis

Sobre as medidas concretas adoptadas ou previstas pola Xunta de Galicia para defender as terras agrarias e os postos de traballo afectados polos proxectos de extracción de seixo promovidos por Erimisa nos concellos de Frades, Mesía, Oroso e Ordes.....

..... [119](#)

7.10 5242 (10/POP-000675)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis

Sobre a evolución, por segmento de frota, das descargas e vendas nos últimos anos no caladoiro nacional Cantábrico noroeste.

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 71, do 22.02.2017*..... [123](#)

28 MAR. 2017

Núm. 2087

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 4 de abril de 2017, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 28 de marzo de 2017, a orde do día da sesión é a seguinte:

**Punto 1.** Ditame da Comisión do Estatuto dos Deputados, do 21 de marzo de 2017, sobre as declaracións de actividades das deputadas e dos deputados da X Lexislatura

**Punto 2. Comparecencia**

1138 (10/PPP-000009)

Do Sr. conselleiro de Facenda, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 15, do 16.11.2016*

**Punto 3. Mocións**

3.1 7053 (10/MOC-000023)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de saúde mental. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 5106, publicada no BOPG nº 71, do 22.02.2017, e debatida na sesión plenaria do 21.03.2017)

3.2 7054 (10/MOC-000024)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa distribución da renda salarial. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 2374, publicada no BOPG nº 36, do 28.12.2016, e debatida na sesión plenaria do 21.03.2017)

3.3 7065 (10/MOC-000025)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación económica e social da mocidade, e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia laboral. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 1215, publicada no BOPG nº 18, do 23.11.2016, e debatida na sesión plenaria do 21.03.2017)

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia



**Punto 4. Proposicións non de lei**

- 4.1 4369 (10/PNP-000360)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción  
Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dos mecanismos necesarios para consensuar coas forzas políticas a posición que vai defender Galicia na Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado en relación co Pacto de Estado social e político pola educación  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 62, do 08.02.2017*
- 4.2 5148 (10/PNP-000432)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para frear a praga da avespiña do castiñeiro  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 71, do 22.02.2017*
- 4.3 5234 (10/PNP-000439)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis  
Sobre o impulso pola Xunta de Galicia, xunto coa Fegamp, da creación de cemiterios de carácter supramunicipal que poidan atender a demanda de enterramentos conforme os requisitos das confesións minoritarias con maior arraigamento en Galicia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 71, do 22.02.2017*
- 4.4 5350 (10/PNP-000449)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel  
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co actual sistema de concesión e a normativa reguladora de bolsas e axudas ao estudo  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 75, do 01.03.2017*
- 4.5 6206 (10/PNP-000536)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Casal Vidal, Francisco e 3 máis  
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento para o desenvolvemento pola sociedade pública Suelo Empresarial del Atlántico, S. L. de novos procesos de venda de parcelas con prezos bonificados que fagan máis competitivo o polígono industrial de Vimianzo e de iniciativas para a súa promoción, así como o inicio dos

28 MAR. 2017

Núm. 2087

trámites para acadar a transferencia a Xestur de todas as ofertas de solo industrial en Galicia

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 83, do 15.03.2017*

- 4.6 6345 (10/PNP-000554)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Antón Vilasánchez, María Ángeles e 6 máis  
Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun programa de conmemoración do 30º aniversario da declaración pola Unión Europea do Camiño de Santiago como Primeiro itinerario cultural europeo no que se recollan actuacións de recoñecemento dos demais itinerarios europeos do Consello de Europa dos que participa Galicia

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 83, do 15.03.2017*

- 4.7 6483 (10/PNP-000572)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis  
Sobre o impulso polo Goberno galego dun plan integral de actuacións para mellorar a calidade de vida e minimizar o impacto das diversas infraestruturas de comunicación na parroquia de Chapela, no concello de Redondela

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 87, do 22.03.2017*

- 4.8 6702 (10/PNP-000590)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis  
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Ministerio de Fomento dos investimentos precisos para garantir un servizo ferroviario de ancho métrico (Renfe-Feve) en Galicia nas mellores condicións posibles, así como a transferencia á Xunta de Galicia das competencias na materia

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 87, do 22.03.2017*

## **Punto 5. Interpelacións**

- 5.1 1048 (10/INT-000032)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles  
Sobre a política do Goberno galego en relación coas reválidas de segundo de bacharelato establecidas na LOMCE

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 18, do 23.11.2016*

- 5.2 6362 (10/INT-000259)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

Sobre a inmatriculación no rexistro da propiedade de bens inmobles da Igrexa católica

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 84, do 16.03.2017*

- 5.3 6747 (10/INT-000275)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis  
Sobre a política do Goberno galego en relación co servizo de transporte sanitario terrestre  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88, do 23.03.2017*

**Punto 6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta**

- 6.1 7111 (10/POPX-000025)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pontón Mondelo, Ana Belén  
Sobre a dispoñibilidade polo Goberno galego dalgún plan para frear o deterioro socioeconómico do rural
- 6.2 7127 (10/POPX-000026)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Fernández Leiceaga, Xoaquín María  
Sobre a garantía polo Goberno galego do uso de todos os recursos que ten para atallar os problemas de Galicia
- 6.3 7128 (10/POPX-000027)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Villares Naveira, Luis  
Sobre as zonas grises que hai no financiamento da Xunta de Galicia

**Punto 7. Preguntas ao Goberno**

- 7.1 7110 (10/PUP-000070)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis  
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central do mantemento dos rexistros da propiedade suprimidos en Galicia polo Real Decreto 195/2017, do 3 de marzo
- 7.2 5839 (10/POP-000765)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis  
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do mantemento do uso

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

28 MAR. 2017

Núm. 2087

sociosanitario dos terreos da antiga Residencia de Lugo  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 79, do 08.03.2017*

- 7.3 7126 (10/PUP-000071)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Fernández Gil, César Manuel e 6 máis  
Sobre a posición defendida por Galicia na Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado respecto da necesidade dun pacto de Estado social e político pola educación
- 7.4 7135 (10/PUP-000072)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Villares Naveira, Luis e 13 máis  
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego diante da contradición evidente entre os novos criterios de financiamento do ensino concertado e o plan de educación en igualdade da Xunta de Galicia
- 7.5 2910 (10/POP-000308)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e 2 máis  
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da construción urxente dun novo centro de saúde na antiga Comandancia de Mariña de Vilagarcía de Arousa  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 43, do 12.01.2017*
- 7.6 6529 (10/POP-000846)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Toja Suárez, María Dolores e 2 máis  
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da implementación de medidas de mellora para o Hospital Virxe da Xunqueira de Cee  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 87, do 22.03.2017*
- 7.7 6647 (10/POP-000860)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Rodríguez Arias, Marta e 7 máis  
Sobre o número de familias que se beneficiaron do Plan de axudas á natalidade dende a súa posta en marcha  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 87, do 22.03.2017*
- 7.8 6678 (10/POP-000865)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis  
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da continuación coa concesión de subvencións a asociacións de apoio á muller embarazada  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 87, do 22.03.2017*

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

- 7.9 7100 (10/PUP-000069)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, José Luis  
Sobre as medidas concretas adoptadas ou previstas pola Xunta de Galicia para defender as terras agrarias e os postos de traballo afectados polos proxectos de extracción de seixo promovidos por Erimsa nos concellos de Frades, Mesía, Oroso e Ordes
- 7.10 5242 (10/POP-000675)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis  
Sobre a evolución, por segmento de frota, das descargas e vendas nos últimos anos no caladoiro nacional Cantábrico noroeste  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 71, do 22.02.2017*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria a devandita reunión.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente

**Asinado dixitalmente por:**  
**Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 28/03/2017 14:06:10**

# RELACIÓN DE MEMBROS DE PLENO DO PARLAMENTO

POR ORDE ALFABÉTICA

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
María Encarnación Amigo Díaz	P
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Magdalena Barahona Martín	EM
Moisés Blanco Paradelo	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María de la Concepción Burgo López	S
Marcos Cal Ogando	EM
Diego Calvo Pouso	P
Francisco Casal Vidal	EM
Jaime Castiñeira Broz	P
Luca Chao Pérez	EM
Francisco José Conde López	P
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Teresa Egerique Mosquera	P
Raúl Fernández Fernández	S
César Manuel Fernández Gil	P
Xoaquín María Fernández Leiceaga	S
Martín Fernández Prado	P
María Ángeles García Míguez	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
José Manuel Lago Peñas	EM
Carlos Enrique López Crespo	P
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Beatriz Mato Otero	P
Juan José Merlo Lorenzo	EM
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Guadalupe Murillo Solís	P
María Isabel Novo Fariña	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Alberto Núñez Feijóo	P
José Alberto Pazos Couñago	P
José Manuel Pérez Seco	S
María Luisa Pierres López	S
Ana Belén Pontón Mondelo	BNG
María Montserrat Prado Cores	BNG
Paula Prado del Río	P
Noa Presas Bergantiños	BNG

Pedro Puy Fraga	P
Rosa María Quintana Carballo	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Antonio Quiroga Díaz	S
José Manuel Rey Varela	P
José Luis Rivas Cruz	BNG
Olalla Rodil Fernández	BNG
Marta Rodríguez Arias	P
María Julia Rodríguez Barreira	P
David Rodríguez Estévez	EM
Moisés Rodríguez Pérez	P
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Alfonso Rueda Valenzuela	P
María Soraya Salorio Porral	P
Antón Sánchez García	EM
Miguel Ángel Santalices Vieira	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Eva Solla Fernández	EM
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
María Dolores Toja Suárez	S
Julio Torrado Quintela	S
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P
Sandra Vázquez Domínguez	P
Paula Vázquez Verao	EM
Daniel Vega Pérez	P
Patricia Vilán Lorenzo	S
Luis Villares Naveira	EM

**Relación de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia  
X Lexislatura**

(actualizada 06 de febreiro de 2017)

**Para votación por chamamento**

<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>GP</b>	<b>SI</b>	<b>NON</b>	<b>ABST</b>
1. Álvarez Martínez, Luís Manuel	S			
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P			
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	P			
4. Balseiros Guinarte, Silvestre José	P			
5. Bará Torres, Xosé Luís	BNG			
6. Barahona Martín, Magdalena	EM			
7. Blanco Paradelo, Moisés	P			
8. Blanco Rodríguez, Noela	S			
9. Cal Ogando, Marcos	EM			
10. Casal Vidal, Francisco	EM			
11. Castiñeira Broz, Jaime	P			
12. Chao Pérez, Luca	EM			
13. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	EM			
14. Díaz Villoslada, Juan Manuel	S			
15. Egerique Mosquera, Teresa	P			
16. Fernández Fernández, Raúl	S			
17. Fernández Gil, César Manuel	P			
18. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	S			
19. Fernández Prado, Martín	P			
20. García Míguez, María Angeles	P			
21. Gómez Salgado, Carlos	P			
22. González Vázquez, José	P			
23. Lago Peñas, José Manuel	EM			
24. López Crespo, Carlos Enrique	P			
25. Losada Álvarez, Abel Fermín	S			
26. Merlo Lorenzo, Juan José	EM			
27. Moreira Ferro, Jacobo	P			
28. Mouriño Villar, Antonio	P			
29. Murillo Solís, Maria Guadalupe	P			
30. Novo Fariña, María Isabel	P			



31. Nóvoa Iglesias, Marta	P			
32. Nuñez Centeno, Aurelio Alfonso	P			
33. Pazos Couñago, José Alberto	P			
34. Pérez Seco, José Manuel	S			
35. Pierres López, María Luisa	S			
36. Pontón Mondelo, Ana Belen	BNG			
37. Prado Cores, María Montserrat	BNG			
38. Prado del Río, Paula	P			
39. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG			
40. Puy Fraga, Pedro	P			
41. Quintero Araújo, Paula	EM			
42. Quiroga Díaz, José Antonio	S			
43. Rivas Cruz, José Luis	BNG			
44. Rodil Fernández, Olalla	BNG			
45. Rodríguez Arias, Marta	P			
46. Rodríguez Barreira, María Julia	P			
47. Rodríguez Estévez, David	EM			
48. Rodríguez Pérez, Moisés	P			
49. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	S			
50. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	P			
51. Romero Fernández, Cristina Isabel	P			
52. Salorio Porral, María Soraya	P			
53. Sánchez García, Antón	EM			
54. Santos Queiruga, Carmen	EM			
55. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	P			
56. Toja Suárez, María Dolores	S			
57. Torrado Quintela, Julio	S			
58. Trenor López, Gonzalo	P			
59. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	P			
60. Vázquez Domínguez, Sandra	P			
61. Vázquez Verao, Paula	EM			
62. Vega Pérez, Daniel	P			
63. Vilán Lorenzo, Patricia	S			
64. Villares Naveira, Luís	EM			

**DEPUTADAS E DEPUTADOS MEMBROS DA XUNTA DE GALICIA**

65. Quintana Carballo, Rosa María	P			
66. Rey Varela, José Manuel	P			
67. Conde López, Francisco José	P			
68. Mato Otero, Beatriz	P			
69. Rueda Valenzuela, Alfonso	P			
70. Núñez Feijoo, Alberto	P			

**DEPUTADAS E DEPUTADOS DA MESA DO PARLAMENTO**

71. Burgo López, María de la Concepción	S			
72. Arias Rodríguez, Raquel	P			
73. Solla Fernández, Eva	EM			
74. Calvo Pouso, Diego	P			
75. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P			

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 04.04.2017**

**Hora: 10:00**

**Orde do día**

1. Ditame da Comisión do Estatuto dos Deputados, dos días 2 e 21 de marzo de 2017, sobre as declaracións de actividades das deputadas e dos deputados da X Lexislatura

## **DITAME DA COMISIÓN DO ESTATUTO DOS DEPUTADOS EN RELACIÓN COAS DECLARACIÓNS DE ACTIVIDADES DAS DEPUTADAS E DOS DEPUTADOS DA X LEXISLATURA**

A COMISIÓN DO ESTATUTO DOS DEPUTADOS, nas reunións do 2 e 21 de marzo de 2017, ten a honra de elevar a presente proposta para a súa inclusión na orde do día do Pleno da Cámara, tendo en conta os seguintes

### **ANTECEDENTES**

A Comisión do Estatuto dos Deputados examinou as declaracións de actividades presentadas polas deputadas e polos deputados da X lexislatura, para o efecto de elaborar a proposta de compatibilidade encomendada.

### **FUNDAMENTOS NORMATIVOS**

#### **PRIMEIRO**


A Comisión do Estatuto dos Deputados desenvolveu o seu labor nos termos previstos no artigo 16.2 do Regulamento.

As deputadas e os deputados teñen a obriga de comunicar por escrito calquera modificación que se produza nas súas actividades e que poida afectar a súa situación funcional ou económica como parlamentario ou parlamentaria.

En correspondencia co cumprimento desta obriga, a Comisión, pola súa banda, asume unha función permanente de revisar a dita situación e de manter ou modificar posteriormente a súa proposta.

#### **SEGUNDO**

No exercicio da súa función de verificación, confrontou as declaracións presentadas coas causas de incompatibilidade establecidas nos artigos 4 e 6 da Lei Autonómica 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ó Parlamento de Galicia, e a súa concordancia co artigo 6 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño.



Rematado o seu labor, e por unanimidade, emite o seguinte:

### **DITAME**

As deputadas e os deputados da X lexislatura do Parlamento de Galicia non están, neste intre, a teor da documentación presentada, incurso en causas de incompatibilidade e, xa que logo, poden exercer con plenitude os dereitos e deberes inherentes ao cargo parlamentario.

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2017.

Pedro Puy Fraga  
Presidente da Comisión

**Asinado dixitalmente por:**  
**Pedro Puy Fraga na data 27/03/2017 16:24:44**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 04.04.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

2.            Comparecencias en pleno

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 04.04.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

2.    1138(10/CPP-000009)



Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
Do Sr. conselleiro de Facenda, por petición propia, para  
informar das liñas xerais de actuación do seu departamento  
*Publicación da iniciativa, 15, 16.11.2016*



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- do conselleiro de Facenda para informar **“das liñas xerais de actuación do seu departamento”**.

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2016

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Reunión do Pleno do Parlamento  
Día: 04.04.2017 Hora: 10:00  
Orde do día

3. Mocións

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 04.04.2017                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

3.1      7053 (10/MOC-000023)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de saúde mental. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 5106, publicada no BOPG nº 71, do 22.02.2017, e debatida na sesión plenaria do 21.03.2017)

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea** por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e a través do seu voceiro **Luis Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación **5106 (10/INT-0000192)** debatida na sesión plenaria do 22 de marzo de 2017, sobre a xestión da saúde mental.

### **MOCIÓN:**

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a adoptar as seguintes medidas:

- 1.- Desenrolar o novo Plan de Saúde Mental con carácter urxente mediante unha Comisión Técnica que estableza un proceso realmente participativo no seu deseño coas e cos profesionais da saúde mental.
- 2.- Asignar ao novo Plan de Saúde Mental un compromiso orzamentario que permita levalo a cabo.
- 3.- Desenrolar un novo Plan de Atención e Prevención do Suicidio nos mesmos termos.
- 4.- Avaliar con carácter inmediato a situación das persoas que foron trasladadas dende os antigos manicomios para poder ubicalas en servizos públicos que contén coa atención especializada en saúde mental que estas persoas precisan.
- 5.- Reforzar a Unidade de hospitalización infanto xuvenil do CHUS dotándoa das e dos profesionais e recursos previstos antes da súa apertura.



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/03/2017 13:55  
Nº Rexistro: 7053  
Data envío: 24/03/2017 13:55:42.926



6.- Levar a cabo neste ano o deseño coas e cos profesionais da nova Unidade de hospitalización infanto-xuvenil da zona sur de Galicia.

7.- Levar a cabo no marco do novo Plan de Saúde Mental unha planificación para o incremento de profesionais na saúde mental, poñendo especial énfase nas unidades de saúde mental e nos hospitais de día e dotando a estas de persoal da psicoloxía clínica.”

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 24/03/2017 13:54:01**

**Luis Villares Naveira na data 24/03/2017 13:54:12**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 04.04.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

3.2      7054 (10/MOC-000024)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa distribución da renda salarial. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 2374, publicada no BOPG nº 36, do 28.12.2016, e debatida na sesión plenaria do 21.03.2017)

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Manuel Lago Peñas** e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **MOCIÓN**, para substanciar a Interpelación doc. núm. 2374, sobre a política da Xunta de Galicia, en relación coa distribución da renda salarial, que foi tratada na sesión plenaria do día 21 de marzo de 2017.(10/INT-000091).

### MOCIÓN

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1.- Recoñecer que a desigualdade salarial e a pobreza laboral son un grave problema global que tamén afecta á economía e á sociedade galega e, polo tanto, combatela ten que ser un dos obxectivos explícitos na estratexia económica e laboral da Xunta de Galicia.
2. Solicitalle ao Consello Económico e Social de Galicia un informe no que analice este grave problema, poñendo de evidencia cal é a súa orixe e as medidas para corrixilo.
- 3.-Impulsar, dende a Xunta de Galicia, un acordo dos empresarios e sindicatos no marco do consello de relacións laborais, que estableza unha senda de crecemento dos salarios reais, sostida no tempo, que permita recuperar o poder adquisitivo perdido na crise.
- 4.- Poñer en marcha, en colaboración coa Inspección de Traballo, actuacións contra as fraudes na contratación, en especial cas vinculadas aos contratos a tempo parcial, un factor determinante da desigualdade e a pobreza laboral.



5.- Xeneralizar as cláusulas sociais nas contratacións de obras e servizos públicos dependentes da Xunta de Galicia, que garantan os salarios e a calidade no emprego, impedindo, por exemplo, que ningunha empresa poida concursar baseando a súa oferta nun camiño propio que rompa os límites por baixo do convenio do sector.

6.- Que exerza un maior control sobre os contratos de formación e prácticas para o cumprimento dun dobre obxectivo: que as empresas non os empreguen como un mecanismo exclusivo de redución de custes e se fomente unha inserción laboral máis estable.

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas,

Deputado do GP de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do GP de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 24/03/2017 14:14:16**

**Luis Villares Naveira na data 24/03/2017 14:14:28**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 04.04.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

3.3      7065(10/MOC-000025)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación económica e social da mocidade, e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia laboral. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 1215, publicada no BOPG nº 18, do 23.11.2016, e debatida na sesión plenaria do 21.03.2017)



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada, **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o día 21 de marzo de 2017, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa situación económica e social da mocidade (10/INT-000040, doc. núm. 1215)

### Moción

A) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Crear un observatorio que permita coñecer o alcance, cuantitativo e cualitativo, da becarización do mercado laboral en Galicia.

1.1 Dito observatorio terá representación entre outros, das universidades galegas, dos sindicatos e asociacións empresariais máis representativas, así como de representantes das asociacións xuvenís con máis representación na nosa Comunidade Autónoma.

1.2 O obxectivo do mesmo serán a análise do datos oficiais sobre diferentes aspectos (número de bolseiros/as, situación administrativa, condicións económicas, calidade formativa, porcentaxes do persoal nas diferentes empresas..), así como as posibles medidas a implementar para corrixir as deficiencias detectadas no acceso ao mercado de traballo da mocidade.

1.3 Dito observatorio emitirá un informe anual sobre a empregabilidade e calidade do emprego da mocidade.

2. Elaborar e poñer en marcha un plan de emprego xuvenil.

2.1. Dito plan será consensado coas organizacións sindicais, empresariais, e xuvenís máis representativas de Galicia, así como coas universidades galegas.

2.2 O devandito plan terá como colectivo prioritarios:

a) As persoas novas paradas de longa e moi longa duración, con especial atención ás que sofren exclusión social ou risco

de padecelo, así como aquelas que esgotaron as súas prestacións por desemprego.

b) Mulleres novas, debido a que presentan peores condicións laborais, ocupando en maior medida empregos a tempo parcial e de carácter temporal, así como os coidados ás persoas dependentes e maior dificultade para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal.

c) As persoas novas que abandonaron prematuramente os estudos.

d) Aos mozos e mozas con diversidade funcional, para as que se poñerán en marcha actuacións concretas para mellorar a súa empregabilidade.

e) Ás persoas novas emprendedoras con especial consideración á potencialidade da economía social como modelo de emprendemento.

f) Aos mozos e mozas traballadoras en especiais situacións de dificultade, procedentes de sectores estratéxicos ou áreas moi vinculadas a sectores específicos.

g) Aos galegos e galegas que residan no exterior.

h) Aos e ás residentes en territorios e zonas xeográficas onde se detecten unha alta porcentaxe de persoas novas nas situacións antes citadas.

2.3 O punto de partida fundamentarase na elaboración dunha diagnose previa da situación laboral da mocidade en Galicia, tendo en conta parámetros de afiliación; de paro rexistrado; de calidade no emprego; retribucións; ocupacións; siniestralidade laboral, e valor do traballo no fogar.

2.4 No documento describiranse os obxectivos a alcanzar, o prazo dos mesmos, as ferramentas para conseguilo, e a dotación orzamentaria do mesmo.

2.5 O plan será presentado durante o ano 2017 no Parlamento de Galicia.

3. Poñer en marcha de maneira urxente medidas para mellorar a aplicación do plan de garantía xuvenil entre as que se incluírán:

3.1 Realizar un estudo da poboación diana do programa, facendo especial fincapé naqueles mozos e mozas que non estudan nin traballan, para así poder dirixirse a eles con campañas máis



efectivas, e poder facer un traballo máis adaptado ás súas necesidades e perfís. É dicir, incorporar ao enfoque actual moi centrado na oferta (empresas), a demanda (desempregado mozo).

3.2 Fixar uns obxectivos cuantitativos nas accións formativas, educativas e de emprego a realizar polo programa, que deberá levar a cabo unha vez se obteña un estudo máis pormenorizado da poboación diana á que se dirixe o programa.

3.3 Conformar mesas de diálogo cos principais actores implicados e representantes da mocidade, para realizar un correcto seguimento do plan e incluír posibles melloras.

3.4 Establecer criterios de calidade para os empregos ofertados no plan, así como formalizar a intención de ofrecer postos de calidade, incluíndo nas normas vixentes relacionadas coa garantía xuvenil. Os devanditos criterios de calidade terán que ser acordados cos actores implicados no programa.

3.5 Acordar un cronograma no que se detalle cando se van a realizar as accións descritas anteriormente e comprometerse a cumprilo.

4. Fomentar a formación profesional, a través de plan dirixidos ás persoas desempregadas e con contratos a tempo parcial, co obxectivo de incrementar as competencias necesarias para o mellor desenvolvemento do tecido produtivo galego.

5. Vincular calquera incentivo económico ás empresas en relación ao mantemento do emprego, á transformación de contratación temporal en indefinida, e a transformación de contratos a tempo parcial en contratos a xornada completa.

B) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España:

1. Adoptar de maneira inmediata as medidas necesarias para derrogar o Real decreto lei 3/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, e abrir un proceso de diálogo social que dende o acordo culmine coa aprobación dun novo Estatuto dos Traballadores que recupere a súa natureza orixinaria de carta de garantía dos dereitos laborais.



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

2. Incrementar os recursos para políticas activas de emprego transferidos a Comunidade Autónoma galega ao longo da lexislatura ata alcanzar os que se recibiron no ano 2011.

3. No marco do Dialogo Social, analizar os distintos aspectos do contrato para a formación que levaron á precarización do mesmo, como son, os requisitos persoais do traballador contratado para a formación; o contido da prestación de servizos: a formación teórica e práctica do traballador ligada á obtención dun título e o traballo realizado na empresa; a relación tempo de traballo e formación e o seu control; os dereitos básicos máis relevantes: certificados de formación adquirida, salario e protección social; os estímulos económicos á contratación; así como as consecuencias xurídicas que deberían derivarse dos seus incumprimentos, aspectos todos eles a analizar para acometer as reformas normativas que permitisen o cumprimento da finalidade para a que foi creado e evitar o seu uso fraudulento.

4. Intensificar as campañas de Inspección de Traballo para a vixilancia dos contratos para a formación e a aprendizaxe, en relación ao cumprimento dos requisitos esenciais desta modalidade contractual, relativos á formación, distribución do tempo de traballo e formación e cumprimento da xornada, iniciando os procedementos sancionadores e liquidatarios oportunos.

Pazo do Parlamento, 24 de marzo de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 24/03/2017 18:14:10**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/03/2017 18:14**  
**Nº Rexistro: 7065**  
Data envío: 24/03/2017 18:14:57.438



---

**Grupo Parlamentario**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/03/2017 18:14:21**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 04.04.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

4.        **Proposicións non de lei en Pleno**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 04.04.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

4.1      4369(10/PNP-000360)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la  
Concepción

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dos mecanismos necesarios para consensuar coas forzas políticas a posición que vai defender Galicia na Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado en relación co Pacto de Estado social e político pola educación

*Publicación da iniciativa, 62, 08.02.2017*

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, e da súa deputada, María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O 1 de decembro de 2016 foi aprobada, na Comisión de Educación e Deporte do Congreso dos Deputados, a creación dunha subcomisión para a elaboración dun gran pacto de Estado social e político pola educación a petición dos grupos parlamentarios Socialista, Popular e Cidadáns.

Esta subcomisión elaborará un informe sobre o estado e a situación do sistema educativo español que conteña un diagnóstico cunhas propostas e unhas conclusións pola Educación, para acadar os obxectivos educativos europeos recollidos na Estratexia Educación e Formación 2020 da Unión Europea.

O devandito pacto servirá de base para que o Goberno elabore un proxecto de lei básica de Educación, que substitúa á lexislación vixente, e que naza con vocación de estabilidade a partir dun amplo acordo parlamentario e social.

Ademais, na proposta de creación da subcomisión establécese que deberá realizar e presentar o informe nun prazo máximo de seis meses desde a súa constitución.

Por outro lado, na Conferencia de Presidentes celebrada en Madrid o día 17 de xaneiro de 2017, acordouse, entre outros asuntos, encomendar ao Goberno de España a solicitude da convocatoria da Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado para celebrar un debate monográfico sobre educación que incorpore o diagnóstico e as achegas aos traballos do Pacto de Estado Social e Político pola Educación, e buscar a máxima coordinación entre ambos os traballos co fin de incorporar a visión das administracións autonómicas e as comunidades educativas.





#### Grupo Parlamentario

Como o propio acordo explícita, nese pacto son pezas crave as administracións autonómicas que contan con importantes competencias para a implantación dunha futura lei educativa.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Resulta da máxima relevancia que a visión que se traslade dende a Comunidade Autónoma de Galicia conte cun amplo consenso político e social, que é a base sobre a que ese pacto de Estado pode ser viable, polo que se fai necesario e urxente coñecer de forma explícita o procedemento que se seguirá para acadar ese consenso.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que, con carácter urxente, poña en marcha os mecanismos necesarios para acadar unha posición de consenso das forzas políticas da comunidade autónoma cara á postura que defenderá na Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado con relación ao Pacto de Estado Social e Político pola Educación.

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2017

#### Asinado dixitalmente por:

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 01/02/2017 13:49:49**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 01/02/2017 13:50:03**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/02/2017 13:50:17**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 04.04.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

4.2      5148 (10/PNP-000432)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego  
para frear a praga da avespiña do castiñeiro

*Publicación da iniciativa, 71, 22.02.2017*

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez e Paula Quintero Araújo**, a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira** e ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** sobre as actuacións que debe acometer a Xunta de Galicia para frear a praga da aviespiña do castiñeiro para o seu debate en **Pleno**.

### **Exposición de motivos:**

O sector da castaña, sector emerxente na Galiza despois dun latente abandono dende os anos 80, está de novo ameazado polo posible avance da aviespiña do castiñeiro.

Galicia é a principal comunidade autónoma de España en produción e exportación de castañas. Na última campaña superáronse os 20 millóns de kilos, que se traducen nun valor estimado xerado que supera os 100 millóns de euros.

Estase a constatar por medio de empresas, cooperativas, produtores e comercializadores a preocupación xeneralizada en toda a Galiza polo avance da praga da aviespiña.

Hoxe en día a aviespiña estendese con velocidade, sen que medidas coma podas ou tala de pés afectados teñan ningún éxito.

A praga da aviespiña pode ocasionar serios danos económicos na produción de castaña, pero tamén sobre o “patrimonio forestal” dos soutos centenarios que hai na zona oriental de Galicia.

As esperanzas do sector do castiñeiro están postas na loita biolóxica contra a praga a través da solta do seu parasito, o ‘Torymus Sinensis’.

En Galiza, a loita experimental co ‘Torymus’ iniciouse o ano pasado coa liberación duns 10.000 exemplares do insecto nas provincias de Lugo e Ourense, as de maior presenza do problema.

A capacidade da praga para multiplicarse de ano en ano é a principal preocupación do sector, pois cada femia da avespiña do castiñeiro pode poñer entre 100 e 200 ovos por campaña.

Por todo o exposto anteriormente o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Informar a produtores, comercializadores, cooperativas e empresas sobre o estado do avance da avispiña nos seus territorios así como das medidas que esta está a implementar para frear a praga.
2. Dar cursos de formación a produtores para atacar a avespiña antes de que chegue o “Torymus Sinensis”.
3. Incrementar a partida para a erradicación da praga, pois agora mesmo estase a observar como as medidas tomadas ata o de agora non foron as suficientes.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2017.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez  
Paula Quinteiro Araújo  
Deputados do G.P. de En Marea  
Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 14/02/2017 17:25:42**

**David Rodríguez Estévez na data 14/02/2017 17:26:05**

**Luis Villares Naveira na data 14/02/2017 17:26:16**

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 04.04.2017**

**Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.3 5234 (10/PNP-000439)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia, xunto coa Fegamp, da creación de cemiterios de carácter supramunicipal que poidan atender a demanda de enterramentos conforme os requisitos das confesións minoritarias con maior arraigamento en Galicia

*Publicación da iniciativa, 71, 22.02.2017*

## **Á Mesa do Parlamento**

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, María Antón Vilasanchez, César Fernández Gil, Aurelio Nuñez Centeno, María Julia Rodríguez Barreira e Miguel Tellado Filgueira, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate Pleno.

## **Exposición de motivos:**

A Constitución española garante no seu artigo 16 a liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto dos individuos e das comunidades, ao tempo que establece a aconfesionalidade do Estado español.

A afluencia de inmigrantes que sen ten producido nas últimas décadas, unida ao retorno ao noso país de galegos procedentes de distintas xeografías, contribuiu de xeito moi significativo a enriquecer a pluralidade relixiosa en Galicia. O transcurso do tempo fixo que estas comunidades relixiosas arraigasen no noso país, de tal xeito que cada día é maior o número de galegos nativos que profesan credos distintos do católico, maioritario no conxunto do Estado.

Algunhas destas relixións precisan de certas especificidades para realizar enterramentos conforme ao seu credo. A ausencia de cemiterios que cumpran os requisitos propios de cada unha destas confesións, supón que moitas familias deban optar por dar sepultura aos seus seres queridos fóra da súa Comunidade Autónoma, ou incluso, alén das fronteiras do Estado. Este feito supón, que á dor propia da perda, se engadan unha serie de dificultades de carácter económico e administrativo que redundan nun maior padecemento destas familias.



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/02/2017 11:34  
Nº Rexistro: 5234  
Data envío: 16/02/2017 11:34:17.873

A pesares de que o 6% dos habitantes de Galicia profesen relixións minoritarias, na práctica totalidade dos concellos do país non existe masa crítica que xustifique que as administracións municipais, que ostentan a competencia de cemiterios, podan abordar ailladamente a construción das infraestruturas funerarias necesarias para acoller a estes cidadáns tralo seu pasamento.

Nembargantes, a colaboración entre distintas administracións pode dar resposta a esta xusta demanda que xa teñen solicitado de maneira explícita comunidades como a musulmana ou a xudea.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte Proposición non de Lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar, conxuntamente coa FEGAMP, a creación de cemiterios de carácter supramunicipal que podan atender a demanda de enterramentos conforme aos requisitos das confesións minoritarias con maior arraigo en Galicia”.

Santiago de Compostela 15 febreiro 2.017.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 16/02/2017 11:02:56**

**Alberto Pazos Couñago na data 16/02/2017 11:03:19**

**Paula Prado Del Río na data 16/02/2017 11:03:37**

**Maria Antón Vilasánchez na data 16/02/2017 11:04:00**

**César Manuel Fernández Gil na data 16/02/2017 11:04:18**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 16/02/2017 11:04:28**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdeg Galicia.com





**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 16/02/2017 11:34  
**Nº Rexistro: 5234**  
Data envío: 16/02/2017 11:34:17.873

**María Julia Rodriguez Barreira na data 16/02/2017 11:04:41**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 16/02/2017 11:05:15**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 04.04.2017                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

4.4      5350 (10/PNP-000449)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co actual sistema de concesión e a normativa reguladora de bolsas e axudas ao estudo

*Publicación da iniciativa, 75, 01.03.2017*



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Concepción Burgo López e Luis Álvarez Martínez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

### Exposición de motivos

Unha política educativa baseada na EQUIDADE é a única que nos fai a todos iguais, independentemente das nosas condicións socioeconómicas. Un dos instrumentos fundamentais para conseguilo é unha política de becas que chegue a toda aquela cidadanía con problemas económicos para poder estudar.

A combinación de recortes orzamentarios, reformas legais e decisións de xestión conduciron a un cambio de modelo que implica unha regresión importante nun dereito fundamental como é a educación, sacrificando a equidade que constituíra unha das nosas maiores fortalezas educativas e deixando un futuro de oportunidades educativas, accesible para uns poucos.

Un dos capítulos de maior regresión é o das axudas e becas ao estudo. Entre as primeiras medidas que tomou o Goberno do Partido Popular nestes “cinco anos negros” para a educación no noso país está a promulgación de dous Reais Decretos: O Real Decreto Lei 14/2012, do 20 de abril, que regula a modificación dos prezos públicos das taxas universitarias existentes ata ese momento, e o Real decreto 1000/2012, do 29 de xuño, que modificou totalmente as condicións para poder ser beneficiario dunha bolsa de estudos. A partir do curso 2012/2013 prodúcese unha auténtica discriminación cara ao alumnado bolseiro, xa que agora esíxeselles, ademais de cumprir os toques de renda e patrimonio, unha nota media dun 5’5 puntos, para bacharelato, e 6’5 puntos, para unha beca universitaria, rompéndose a igualdade ata entón de que cun 5 podían estudar os que tiñan recursos económicos e os que non, mediante becas.



**Grupo Parlamentario**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pero a aplicación do novo sistema de concesión de bolsas, non só castiga aos que menos teñen, esixíndoselles máis notas que aos que non necesitan beca, senón que, ademais, rebáixaselles a contía da mesma. Crea ademais incerteza, xa que se divide a beca nunha cantidade fixa e outra variable, dependendo esta última da existencia de recursos económicos, polo que o alumnado non sabe ao comezar o curso a cantidade que van recibir.

Con este Real decreto rómpese coa consideración da beca como “dereito subxectivo” para todos os alumnos que aproben e que non dispoñan de recursos económicos, xa que agora vai depender da cantidade económica dispoñible nos orzamentos.

Neste cinco anos a contía media das becas baixou en máis dun quince por cento e, nas becas compensatorias dedicadas ao alumnado con menos recursos económicos e que necesitan residencia para estudar unha carreira universitaria, a baixada foi de máis dun corenta por cento.

Todo isto afecta claramente aos nosos estudantes. Dende a aplicación do decreto 1000/2012, miles de alumnos/as galegos/as perderon as súas becas ou non puideron acceder a elas, e outros miles verán reducidas drasticamente as cantidades percibidas.

Ademais, o novo sistema tivo enormes dificultades de aplicación pola falta de coherencia, previsión e incerteza. Entre as máis graves están o atraso no pago das becas, unha diminución xeneralizada na contía das mesmas, á que se engade a imposibilidade de coñecer con suficiente antelación a contía e, por tanto, a dificultade de reclamar en caso de recibir unha beca inferior.

Esta reforma foi tamén un exemplo da falta de diálogo e participación na toma de decisións das políticas en materia educativa. A reforma do sistema de becas implantada polo PP foi unha decisión unilateral que obviou, non só ás partes afectadas, sobre todo o alumnado, senón que, ademais, incumpriu a propia normativa que obriga a convocar o



## Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Observatorio de Becas, foro pertinente para a toma de decisións nesta materia, creado a través do Real Decreto 1.220/2010, de 1 de outubro.

Todo isto afecta claramente aos nosos estudantes. Dende a aplicación do decreto 1000/2012, do 29 de xuño, miles de alumnos/as galegos/as perderon as súas becas ou non puideron acceder a elas, e outros miles verán reducidas drasticamente as cantidades percibidas provocando desigualdade e exclusión

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao goberno de España para requirirlle o seguinte:

- 1.- Convocar con carácter de urxencia o Observatorio de Becas, creado a través do Real Decreto 1220/2010, do 1 de outubro. Este Observatorio emitirá un informe, preceptivo, antes das convocatorias anuais de Becas e axudas ao Estudo.
- 2.- Modificar a normativa reguladora das becas para recuperar o verdadeiro sentido das mesmas como dereito subxectivo, sen que ningún estudante que cumpra os requisitos quede sen beca por cuestións orzamentarias.
- 3.- Modificar os requisitos académicos actuais para a obtención dunha beca, restablecéndose os requisitos dispostos no Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, de becas e axudas ao estudo personalizadas.
4. Establecer criterios claros, obxectivos e ponderables para a súa obtención, de tal maneira que o solicitante poida coñecer de antemán os criterios polos que se lle outorgan as becas e a contía que percibirá se lle é concedida, no caso de cumprilos.



**Grupo Parlamentario**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

5.- Facer a convocatoria anual de becas inmediatamente despois da publicación do Real decreto de becas, de forma que a resolución e o pago das mesmas se realicen antes do comezo do curso.

6.- Revisar os topes de Renda e Patrimonio para o dereito a unha beca, seguindo o recollido nos ditames á convocatoria de becas e axudas ao estudo aprobados e emitidos polo Consello Escolar do Estado, e adaptándoos ás circunstancias de cada momento, e non computar no límite patrimonial familiar, fixado en 1.700 €, as subvencións ou prestacións económicas concedidas polas Administracións Públicas que teñan por finalidade atender a situacións de necesidades sociais puntuais, urxentes e básicas de subsistencia.

7.- Crear unha Beca de “rescate” que permita que aqueles alumnos que tivesen que abandonar os estudos polos criterios académicos introducidos na reforma de 2012 se poidan incorporar ao Sistema Universitario.

8.- Recuperar as dotacións orzamentarias destinadas á convocatoria de Becas Séneca, de mobilidade nacional, que foron eliminadas no curso 2012-2013

9.- Promover, no marco da Conferencia Xeral de Política Universitaria e do Consello de Universidades, un novo marco estatal de prezos públicos de matrícula equitativo, que permita manter un marco coherente de prezos no conxunto do Estado, tanto para os graos de máxima como de mínima experimentación e os máster, asegurando así a igualdade de oportunidades e que implique unha redución do prezo dos mesmos.

Pazo do Parlamento, 17 de febreiro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López  
Luis Álvarez Martínez  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia  
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/02/2017 13:47**  
**Nº Rexistro: 5350**  
Data envío: 17/02/2017 13:47:26.487



---

 [Grupo Parlamentario](#)

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 17/02/2017 13:44:03**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 17/02/2017 13:44:12**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/02/2017 13:44:20**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 04.04.2017**

**Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.5 6206 (10/PNP-000536)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e 3 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento para o desenvolvemento pola sociedade pública Suelo Empresarial del Atlántico, S. L. de novos procesos de venda de parcelas con prezos bonificados que fagan máis competitivo o polígono industrial de Vimianzo e de iniciativas para a súa promoción, así como o inicio dos trámites para acadar a transferencia a Xestur de todas as ofertas de solo industrial en Galicia

*Publicación da iniciativa, 83, 15.03.2017*



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal, Marcos Cal Ogando, Antón Sánchez García e Luis Villares Naveira** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**, relativa ás **políticas de desenvolvemento e xestión de solo industrial público en Galicia e, en concreto, da situación e desvantaxe competitiva do Polígono Industrial de Vimianzo.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A xestión e desenvolvemento de solo industrial e de servizos en Galicia é asumido por dúas entidades públicas: Xestur Galicia (dependente da Consellería de Infraestruturas e Vivenda) e a sociedade “Suelo Empresarial del Atlántico SL” (participada e xestionada polo Ministerio de Fomento a través de SEPES que ten o 87%, Consellería de Infraestruturas e Vivenda cun 12% e outros socios que ostentan o 1%).

A maioría dos polígonos son promovidos e xestionados por Xestur, pero hai 18 de iniciativa e xestión de “Suelo Empresarial del Atlántico”. Estase a evidenciar a descoordinación entre as dúas entidades e atopámonos con situacións de planificación e prezos que non teñen ningunha xustificación e que producen desvantaxes competitivas entre uns polígonos e outros próximos a eles en función de que entidade o promove.

É imprescindible o desenvolvemento dun Mapa de solo industrial de Galicia que axude a analizar e planificar políticas empresariais e implementar decisións



estratéxicas en materia de desenvolvemento de novos solos industriais, e coordinación dos existentes, ligados a un Plan industrial para Galicia. Todo elo no camiño de lograr unha única xestión do solo industrial a través de Xestur.

Ten que ser un instrumento que facilite o espallamento industrial por toda Galicia, primando as zonas con menor crecemento e con peores accesos as infraestruturas de comunicación.

Mais, como veremos no caso que describiremos a continuación, a situación é totalmente contraria con este obxectivos mencionados no paragrafo anterior.

Referímonos ao Polígono Industrial de Vimianzo, promovido pola sociedade “Suelo Empresarial del Atlántico” dependente do Ministerio de Fomento. Este polígono formou parte das compensacións á Costa da Morte polo desastre do Prestige. Quince anos despois o polígono non está a cumprir os seus obxectivos. Unha das causas e o incumprimento doutro compromiso dos gobernos do Estado e da Xunta despois do Prestige como é a autovía da Costa da Morte que non hai compromiso firme de cando chegará a Vimianzo como estaba prevista e dicir en formato de autovía, a pesar de que as expropiacións e o explanamento leva anos feito.

Outra, que tería unha posible solución inmediata, e é o obxectivo desta Proposición non de lei, é a discriminación de prezos con respecto a outros polígonos próximos como o de Carballo promovido por Xestur.

O prezo das parcelas para uso industrial no polígono de Carballo oscilan entre os 34,72 € e os 41,10 € por m<sup>2</sup> e no de Vimianzo oscilan entre os 48,75 € e os 67,50%. E dicir, as mellores parcelas chegan a ter en Vimianzo un sobrecusto do 94% con respecto ás de Carballo.

No caso das parcelas de uso mixto industrial-terciario, ou directamente terciario, os prezos en Carballo van desde os 31,74 € aos 40,23 € por m<sup>2</sup> e en Vimianzo oscilan entre os 67,50 € e os 82,50 € cun sobrecusto que pode chegar ao 159%.



Por outra banda os defectos de construción do polígono de Vimianzo soe implicar un extra custe por desmontes e muros de contención que pode chegar aos 40 €/m<sup>2</sup>.

Esta situación, de diferenza de prezos, non ten ningunha xustificación de custos de promoción e mercado. O lóxico sería o contrario por ter o Polígono de Carballo cercanía a unha concentración urbana e comarcal moito máis poboada e acceso directo a unha infraestrutura como a autovía Coruña-Carballo. Polo tanto, a orixe desta desvantaxe competitiva é a diferente estratexia comercial de “Suelo Empresarial del Atlántico” con respecto a Xestur.

Ante todo o exposto, consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia ten que intervir de maneira urxente para conseguir que ao menos se equilibren os prezos por m<sup>2</sup> dos dous polígonos e que se evite a desvantaxe competitiva do de Vimianzo.

A este fin, En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Facer as xestións necesarias ante o Ministerio de Fomento para que de instrucións a “Suelo Empresarial del Atlántico” para que desenvolva novos procesos de venda de parcelas no polígono de Vimianzo con prezos bonificados que o fagan competitivo e como mínimo similares aos do polígono de Carballo.

2.- Instar ao Ministerio de Fomento para que a través de “Suelo Empresarial del Atlántico” desenvolva iniciativas para promocionar o polígono de Vimianzo



realizando, entre outras cousas, estudos de posible especialización industrial e terciario do mesmo e favorecer a posibilidade de establecer iniciativas de economía colaborativa que o faga atractivo para as empresas da Comarca da Costa da Morte.

3.- Iniciar os trámites para acadar a transferencia de todas as ofertas de solo industrial en Galicia en Xestur evitando as disfuncións actuais entre as súas promocións e as emprendidas polo Ministerio de Fomento. Trámites que deberían ter como obxectivo final a transferencia de "Suelo Empresarial del Atlántico" a Xunta de Galicia e a súa absorción por Xestur.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2017.

Asdo.: Francisco Casal Vidal,

Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira

voceiro do G.P. de En Marea



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/03/2017 18:06**  
**Nº Rexistro: 6206**  
Data envío: 07/03/2017 18:06:57.950



**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 07/03/2017 18:02:04**

**Antón Sánchez García na data 07/03/2017 18:02:15**

**Marcos Cal Ogando na data 07/03/2017 18:02:21**

**Luis Villares Naveira na data 07/03/2017 18:02:30**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 04.04.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

4.6        6345(10/PNP-000554)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Antón Vilasánchez, María Ángeles e 6 máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun programa de conmemoración do 30º aniversario da declaración pola Unión Europea do Camiño de Santiago como Primeiro itinerario cultural europeo no que se recollan actuacións de recoñecemento dos demais itinerarios europeos do Consello de Europa dos que participa Galicia

*Publicación da iniciativa, 83, 15.03.2017*

## **A Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **María Antón Vilasánchez, César Fernández Gil, Teresa Egerique Mosquera, Moisés Rodríguez Pérez, Carlos Gómez Salgado, Carlos López Crespo e Antonio Mouriño Villar**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### **Exposición de motivos**

O 27 de setembro de 1987 o Consello de Europa propuxo o Camiño de Santiago como Primeiro Itinerario Cultural Europeo, iniciando así un programa de itinerarios e rutas temáticas en torno a un patrimonio común, precisamente para salientar aquilo que a cultura é, e debe ser, un nexos de unión.

O patrimonio cultural común, enriquecido pola súa diversidade, recoñecese como unha oportunidade e un pilar da Europa do século XXI, algo que o Consello de Europa quixo ver no Camiño de Santiago, poñendo en valor, como exemplo demostración, da construción europea.

A historia da Ruta Xacobeá é a propia historia de Europa, unha historia globalizada e aberta ás diferentes culturas, relixións, pensamentos, filosofías. Unha ruta que conta con innumerables bens inmoables e moables pero que, sobre todo, conta cuns valores inmateriais intanxibles e tan necesarios hoxe en día: a espiritualidade, a ética, a intelectualidade, a solidariedade, a acollida e hospitalidade, o esforzo persoal, o compañeirismo....

Desde os albores do século IX, Europa foi tecendo unha rede de camiños que desembocan en Compostela, punto final de todas as rutas e sendas polas que descorreron esa vida en común dos diferentes pobos de Europa. Un entramado de eixos transeuropeos que serviron de canle difusor da nosa cultura común, levando e traendo as experiencias e vivencias dos peregrinos, mais tamén o coñecemento, a literatura, a pintura, arquitectura... en definitiva a cultura de cada época.

O vindeiro mes de outubro cumpriranse 30 anos desta declaración que, na nosa opinión, segue plenamente vixente, e o vemos cada día na capital de Galicia co número crecente de peregrinos que percorren o Camiño.

Temos así unha nova oportunidade de salientar a importancia do Camiño na



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/03/2017 16:55  
Nº Rexistro: 6345  
Data envío: 08/03/2017 16:55:35.935

construción europea pero tamén unha ocasión de remarcar o papel que desempeña en todo o mundo como símbolo de concordia e paz.

O Goberno galego xa amosou a súa intención de conmemorar esta data, porén o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a elaborar un programa de conmemoración do 30 aniversario da Declaración de Santiago de Compostela do Consello de Europa que recoñece o Camiño de Santiago como 1º Itinerario Cultural Europeo ao tempo que recolla no mesmo accións de recoñecemento dos demais itinerarios culturais europeos do Consello de Europa dos que participa Galicia".

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 08/03/2017 16:46:10**

**Maria Antón Vilasánchez na data 08/03/2017 16:46:21**

**César Manuel Fernández Gil na data 08/03/2017 16:46:28**

**Teresa Egerique Mosquera na data 08/03/2017 16:46:31**

**Moisés Rodríguez Pérez na data 08/03/2017 16:46:40**

**Carlos Gómez Salgado na data 08/03/2017 16:46:48**

**Carlos Enrique López Crespo na data 08/03/2017 16:46:58**

**Antonio Mouriño Villar na data 08/03/2017 16:47:05**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdeg Galicia.com



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 04.04.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

4.7      6483 (10/PNP-000572)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o impulso polo Goberno galego dun plan integral de actuacións para mellorar a calidade de vida e minimizar o impacto das diversas infraestruturas de comunicación na parroquia de Chapela, no concello de Redondela

*Publicación da iniciativa, 87, 22.03.2017*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/03/2017 10:35  
Nº Rexistro: 6483  
Data envío: 13/03/2017 10:35:43.766

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A parroquia de Chapela, no concello de Redondela, viuse afectada ao longo de décadas por diversas infraestruturas de comunicación que causaron un forte impacto no territorio e na calidade de vida das persoas: ferrocarril, autoestrada AP9, ferrocarril, estradas, etc.

Actualmente, esta situación viuse agravada polas obras de ampliación da capacidade da AP9 e da Ponte de Rande, que están a causar graves perxuicios na súa contorna, na que se localizan, ademais dun grande número de vivendas, a igrexa e cemiterio parroquial, un centro de saúde e dous centros educativos (o colexio da Igrexa e o Instituto de Chapela). A proximidade das obras de ampliación e da propia autoestrada aos centros escolares está afectando gravemente ao desenvolvemento normal da actividade lectiva. E toda a contorna próxima á autoestrada soporta niveis de ruído que superan os máximos permitidos na lexislación.



**BLOQUE NACIONALISTA GALEGO**  
OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/03/2017 10:35**  
**Nº Rexistro: 6483**  
Data envío: 13/03/2017 10:35:43.766

No caso do colexio da Igrexa, a afectación das obras de ampliación da autoestrada é de tal magnitude que obrigou á sinatura dun convenio para a construción dun novo centro educativo nas proximidades. Mais a realidade é que o proxecto desta nova construción avanza a un ritmo moi lento, o que supón incerteza e preocupación para a comunidade educativa. E mentres non se constrúa este novo centro escolar, a actividade lectiva vaise ver fortemente afectada polas obras e pola proximidade dunha vía de alta capacidade e tráfico moi intenso. Esta situación vese agravada polas deficientes condicións de accesibilidade e seguranza viaria que presentan os accesos peonís ao colexio.

Outro dos efectos negativos das obras é á intención de derrubar o edificio onde actualmente ten a sede a oficina de correos, e que tamén fai función de local social para numerosos colectivos da parroquia. Antes de derrubar o edificio habería que procurar unha alternativa para o servizo de correos e para os colectivos veciñais.

Nestes momentos o núcleo central da parroquia semella un campo de batalla, con frontes de obra por todas partes. O desenvolvemento dos traballos están a causar fortes molestias debido ao uso de maquinaria pesada para a excavación e explanación dos terreos, o continuo tránsito de camiións, afectación ás vivendas polas vibracións, ruídos, etc. E a propia estrada actúa como unha barreira que divide en dous o núcleo urbano e dificulta gravemente a mobilidade peonil, a permeabilidade e a accesibilidade. Ademais, o feito de que o treito da AP9 entre Redondela e Vigo se manteña con peaxe ten como consecuencia unha elevada intensidade de tráfico nesta estrada, o que incide moi negativamente na calidade de vida das persoas que viven na súa contorna.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/03/2017 10:35**  
**Nº Rexistro: 6483**  
Data envío: 13/03/2017 10:35:43.766

Parece por tanto lóxico que se a parroquia se ve gravemente perxudicada polo trazado e ampliación da autoestrada, teña como contraprestación a mellora da calidade urbana da rede viaria, a transformación desta estrada nunha rúa urbanizada, a mellora da accesibilidade e da seguranza viaria, a ampliación dos espazos públicos e a construción de novos equipamentos sociais e educativos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a impulsar un plan de actuación integral para a mellora da calidade de vida e a minimización do impacto das infraestruturas na parroquia de Chapela, coas seguintes actuacións

1. Demandar do goberno do Estado a supresión da peaxe da AP 9 no treito entre Rande e Vigo, para que teña funcionalidade de circunvalación dunha zona urbana densamente poboada como é a de Chapela e Teis.

2. Demandar do goberno do Estado a transformación da estrada N 552 nunha rúa urbanizada, primando nela a seguranza viaria, a accesibilidade, a mobilidade e permeabilidade peonil.

3. Solicitar ao goberno do Estado o mantemento do servizo de correos na ubicación actual mentres non sexa posíbel o seu traslado a outro local na parroquia.

4. Esixir á concesionaria da autoestrada e responsábel das obras de ampliación a instalación no presente ano 2017 de sistemas de protección anti-



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/03/2017 10:35**  
**Nº Rexistro: 6483**  
Data envío: 13/03/2017 10:35:43.766

ruído na zona de Chapela e Teis, así como a utilización de pavimentos que reduzan o impacto acústico na contorna.

5. Axilizar os trámites para a recualificación dos terreos destinados ao novo centro escolar da Igrexa, para que a construción do mesmo se poida iniciar no presente ano 2017.

6. Aprobar a construción dunha escola infantil nos terreos do lugar de Cidadelle onde está prevista a construción do novo colexio da Igrexa.”

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/03/2017 10:35**  
**Nº Rexistro: 6483**  
Data envío: 13/03/2017 10:35:43.766

**Xosé Luis Bará Torres na data 13/03/2017 10:34:59**

**Noa Presas Bergantiños na data 13/03/2017 10:35:05**

**Olalla Rodil Fernández na data 13/03/2017 10:35:09**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 13/03/2017 10:35:13**

**María Montserrat Prado Cores na data 13/03/2017 10:35:17**

**Ana Pontón Mondelo na data 13/03/2017 10:35:19**

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 04.04.2017**

**Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.8 6702(10/PNP-000590)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Ministerio de Fomento dos investimentos precisos para garantir un servizo ferroviario de ancho métrico (Renfe-Feve) en Galicia nas mellores condicións posibles, así como a transferencia á Xunta de Galicia das competencias na materia

*Publicación da iniciativa, 87, 22.03.2017*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/03/2017 13:21  
Nº Rexistro: 6702  
Data envío: 15/03/2017 13:21:41.110

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a transferencia a Galiza das competencias de ancho métrico (RENFE-FEVE).

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois das últimas informacións a respecto da cancelación de inversión de máis de 12,5 millóns de euros para este ano 2017 para o mantemento na vía e nas estacións da liña de ancho métrico, RENFE-FEVE, así como á cancelación da maior parte dos servizos da liña Ferrol - Ribadeo, só nos queda afirmar que asistimos ao derradeiro paso do que supón o desmantelamento do ferrocarril da vía estreita no territorio galego por parte do goberno do Estado.

Xa vimos coñecendo nos últimos anos como desde o propio Ministerio de Fomento están a vincularse as axudas de mantemento do servizo cos niveis de ocupación e/ou rendibilidade das liñas, constituíndo este método en si mesmo unha fraude total, posto que a supresión de revisores imposibilita avaliar correctamente a ocupación dos servizos, chegando incluso *de facto* a nin tan sequera realizar o cobro por parte da empresa ou ter coñecemento de cales son as liñas máis empregadas.

Así é que no último ano -2016- leváronse a cabo preto de 600 supresións de servizos en Galiza, así coma retrasos continuados, vías e infraestruturas en mal estado – estacións, apeadeiros, varandas ou pasos-, e iso sen contar coa calidade do material





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/03/2017 13:21**  
**Nº Rexistro: 6702**  
Data envío: 15/03/2017 13:21:41.110

rodante que circula no territorio galego. Como consecuencia, sabemos que os datos de ocupación que se poidan tirar de calquera estudio elaborado ou encargado desde o Ministerio de Fomento e/ou a Xunta de Galiza non poden ser bos, en boa medida pola errática ou inexistente política comercial e de horarios e servizos que non responden ás necesidades de mobilidade, para alén do antes exposto. Tanto é así que estamos a ser testemuñas de cousas tan absurdas como colocar nas estacións un número de teléfono de contacto, con sede en Asturias, ao que chamar para solicitar transporte alternativo, no caso de que o tren se retrasase en máis de 15 minutos .

Unha fotografía que se repite se falamos do transporte de mercadorías, onde no pasado ano 2016 sufriu recortes nos servizos que levou na práctica á súa desaparición. Así pois, compañías como Alcoa na súa planta de San Cibrao, onde diariamente unhas 350 toneladas de placa de aluminio saen cara a Amorebieta; ou o mesmo o transporte de madeira, que chegou a mover 36.000 toneladas ao ano, son as grandes perxudicadas levando a facer o transporte por estrada, con todo o que iso supón.

Non entendemos como, xustamente neste momento coa situación socioeconómica que estamos a vivir no noso país, se pretende prescindir dun servizo ferroviario que pode ser fundamental para a vertebración do territorio, ademais de dinamizador e atractivo para as zonas rurais. Constitúe en si mesmo un medio de transporte público accesíbel para todas as persoas -economicamente falando- e dos máis respectuosos para o medio ambiente e polo que desde o Estado non parece estar interesado en manter e promocionar.

Por todo o exposto, formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/03/2017 13:21**  
**Nº Rexistro: 6702**  
Data envío: 15/03/2017 13:21:41.110

1. Dirixirse ao Ministerio de Fomento para lle solicitar os investimentos precisos para garantir un servizo ferroviario de ancho métrico (RENFE-FEVE) polo territorio galego nas mellores condicións posíbeis. Para o que é preciso melloras do material rodante, arranxos en estacións, apeadeiros e trazados, vías..., así como aumento de persoal.

2. Dirixirse ao Goberno do Estado para reclamar a transferencia a Galiza do servizo ferroviario de ancho métrico (RENFE-FEVE), e así poder levar a cabo a súa promoción, coordinación e integración na rede galega de transporte ferroviario de proximidade.”

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/03/2017 13:21**  
**Nº Rexistro: 6702**  
Data envío: 15/03/2017 13:21:41.110

**Olalla Rodil Fernández na data 15/03/2017 13:20:57**

**Noa Presas Bergantiños na data 15/03/2017 13:21:02**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 15/03/2017 13:21:05**

**María Montserrat Prado Cores na data 15/03/2017 13:21:08**

**Xosé Luis Bará Torres na data 15/03/2017 13:21:10**

**Ana Pontón Mondelo na data 15/03/2017 13:21:13**

Reunión do Pleno do Parlamento  
Día: 04.04.2017 Hora: 10:00  
Orde do día

5. Interpelacións

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 04.04.2017                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

5.1      1048(10/INT-000032)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a política do Goberno galego en relación coas reválidas de segundo de bacharelato establecidas na LOMCE

*Publicación da iniciativa, 18, 23.11.2016*

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Lucha Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a posta en marcha das reválidas de 2.º de Bacharelato establecidas pola LOMCE e asumidas polo Goberno galego.

A LOMCE foi a peor lei educativa que tivemos no Estado e como tal é a lei educativa que está atopando unha maior oposición en todo o país e entre toda a comunidade educativa. Unha lei nefasta porque o Partido Popular se empeñou en sacala adiante en contra do criterio de toda a comunidade educativa, en contra da sociedade civil e do resto de partidos e organizacións sociais e sindicais. A máis contestada porque ata presidentes do Partido Popular se teñen manifestado en contra da aplicación dunha lei cunha invasión competencial clara, que normaliza a desigualdade entre o alumnado e abre a porta ás privatizacións.

Dentro da LOMCE as reválidas son un dos puntos máis criticados polos expertos e pola comunidade educativa por non ter sentido pedagóxico algún e polas súas perigosas consecuencias para a cidadanía en formación. Unhas probas que son unha mostra clara do carácter elitista e segregador do modelo educativo do Partido Popular. Son moitos os motivos polos que consideramos necesario acabar con este tipo de avaliacións: porque van en contra da avaliación continua, minusvaloran o esforzo e o rendemento dos e das estudantes durante os catro anos da ESO e os dous do Bacharelato ó fialo todo a unha proba. Así, incrementan a posibilidade de fracasar ós alumnos, prexudicando, especialmente, ó alumnado con problemas de aprendizaxe ou que teñen un estilo de aprendizaxe non memorístico. Ó mesmo tempo, poñen en dúbida o traballo do profesorado e anula a súa capacidade para avaliar as titulacións nas que foron formadores.



Unha lei que xera o caos na educación e sementa de preocupación e incerteza a toda a comunidade educativa, que non sabe de que, cando nin como terá que examinarse. Encaramos o final da primeira avaliación escolar sen que as alumnas e alumnos nin os profesores e profesoras de segundo de bacharelato teñan a menor idea de que van ter que examinarse dentro duns meses. Esta situación é absolutamente impresentable. Como impresentable resulta a improvisación constante e o cambio de criterio respecto a estas probas, que tanto son decisivas para ter un título como deixan de selo.

O goberno no Partido Popular, en cambio, non só non cuestionou ningún dos puntos desta lei regresiva senón que ten aprobado sen dubidar os decretos encargados de desenvolvela. Así, o goberno galego ten a curiosa honra de ser unha das poucas Comunidades Autónomas que non se ten rebelado contra as reválidas.

Dende o Grupo de En Marea consideramos que anular un sistema de avaliación e acceso á universidade sen ter ben definido un modelo alternativo é unha irresponsabilidade que deixa en serias dificultades ós protagonistas do noso sistema educativo.

Dende En Marea consideramos que o seu modelo educativo, obsesionado na avaliación do alumnado, xera un estrés innecesario e ten efectos pedagóxicos contraproducentes. Por estes motivos o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte INTERPELACIÓN:

Vai insistir o Goberno galego na aplicación das reválidas de 2º de Bacharelato previstas para este curso 2016/2017?

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2016.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 11/11/2016 13:04:06**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/11/2016 13:04**  
**Nº Rexistro: 1048**  
Data envío: 11/11/2016 13:04:48.951

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 11/11/2016 13:04:16**



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 04.04.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

5.2      6362(10/INT-000259)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a inmatriculación no rexistro da propiedade de bens  
inmóbles da Igrexa católica

*Publicación da iniciativa, 84, 16.03.2017*

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

No ano 1998, o Real decreto número 1867, do 4 de setembro, modificaba o Regulamento hipotecario. Xunto a esta reforma, o tamén modificado artigo 206 da Lei hipotecaria posibilitaron o acceso ao rexistro hipotecario de calquera tipo de bens inmobles, así como a calquera dereito real sobre os mesmos, o que foi aproveitado pola Igrexa Católica para inmatricular multitude de bens ao seu nome.

Ata ese momento, os templos dedicados ao culto católico quedaban fóra do rexistro, posto que eran considerados bens de dominio público, que non se poden adquirir pola súa simple posesión, sendo necesario entón un título previo xustificativo da propiedade ou do dereito real.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cantos bens inmobles foron inmatriculados a favor da Igrexa Católica dende o ano 1998?
2. Considera o Goberno galego que os templos dedicados ao culto católico deben quedar fóra do Rexistro da Propiedade?
3. Considera o Goberno galego que os bens dedicados ao culto católico non se poden adquirir pola súa simple posesión, sendo necesario un título previo xustificativo da propiedade?

Pazo do Parlamento, 7 de marzo de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/03/2017 17:49**  
**Nº Rexistro: 6362**  
Data envío: 08/03/2017 17:49:51.404



---

**Grupo Parlamentario**

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 08/03/2017 17:40:59**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/03/2017 17:41:05**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/03/2017 17:41:12**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 04.04.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

5.3      6747(10/INT-000275)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co servizo de transporte sanitario terrestre

*Publicación da iniciativa, 88, 23.03.2017*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/03/2017 17:45  
Nº Rexistro: 6747  
Data envío: 16/03/2017 17:45:04.391

### Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás deficiencias na prestación do servizo de transporte sanitario terrestre.

O transporte sanitario urxente é un servizo vital, e todo fai indicar que o Goberno galego está a optar por un modelo de xestión que mercantiliza a saúde, significa recortes na prestación do servizo, non se garante a calidade na prestación, e non se respectan os dereitos laborais d@s traballadores/as.

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, dependente do Sergas, sacou a concurso en novembro de 2014, e realizou a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre. Este concurso xerou malestar e preocupación entre as empresas galegas do sector, e @s traballadores/as. Existían fundados temores de que tal como se estaba a realizar o concurso puidera haber trato de favor e repercutir nunha mingua das condicións laborais d@s traballadores/as, e unha perda significativa de emprego e deterioro da calidade asistencial.

A pouco máis dun ano da adxudicación deste concurso público os temores estanse a verificar en feitos, á investigación por parte do Xulgado de Instrución número 2 de Santiago de Compostela, por si pode haber prevaricación, información privilexiada e tráfico de influencias na adxudicación do concurso, temos que engadir que @s traballadores/as das empresas adxudicatarias están a denunciar o incumprimento do convenio, as malas condicións de moitas das bases ou o empeoramento da calidade



asistencial, co uso de ambulancias concertadas como de apoio, ou as deficiencias na central de chamadas do 061.

Ás demandas laborais hai que engadir as denuncias do uso de ambulancias de apoio, non equipadas, como transporte sanitario de emerxencias. Vehículos de apoio, nos que só vai un/unha condutor/a, que deben estar para traslados non vitais, é decer non poden socorrer a emerxencias, están sendo enviadas a cubrir urxencias, non de xeito excepcional, senón que se está a converter en algo habitual. Existencia dun número de vehículos inferior aos contemplado no prego, ausencia de rotulación como prestadores de servizo para a administración pública, incumprimento da exclusividade na prestación do servizo...

Utilizar ambulancias de apoio de forma continuada como propias do servizo de urxencias, constitúe risco, en primeiro lugar para @s usuari@s, porque se lle presta unha atención deficiente e para o persoal unha situación de tensión, presión e vulnerabilidade, ao ter que enfrontarse a situacións que non poden resolver.

Denuncian tamén @s traballadores/as unha situación totalmente precarizada na central de chamadas do 061, con unha carga de traballo insoportábel, quendas de traballo moi longas, comunicación das ambulancias coa central a través da mesma liña telefónica que d@s doentes...Todas estas situacións non se producen dun xeito puntual, senón que se teñen convertido nun problema estrutural, de xeito que na vez de ser o servizo un dinamizador do sistema, convértese nun pescozo de botella.

Estanse a producir toda unha cadea de incumprimentos que afectan ao funcionamento do servizo de ambulancias, @s traballadores/as, @s doentes e á calidade asistencial. Os incumprimentos danse por parte das empresas adxudicatarias, mais a responsabilidade desta situación é a propia administración, xa que tanto @s responsábeis do 061, como do Sergas son perfectamente coñecedores do que está a acontecer e non realizan as tarefas nin de vixilancia nin de control.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 16/03/2017 17:45  
**Nº Rexistro: 6747**  
Data envío: 16/03/2017 17:45:04.391

Polas razóns expostas, fórmulase a seguinte Interpelación:

-Que modelo de transporte sanitario terrestre defende o Goberno galego?

-Coida que se está garantido un servizo de calidade e as condicións laborais d@s traballadores/as?

-É coñecedor o Goberno galego das demandas d@s traballadores/as das empresas que prestan o servizo tanto de transporte sanitario urxente terrestre do 061, como do concertado e da central de chamadas?

-É coñecedora a Xunta do uso de ambulancias de apoio, non equipadas, como transporte sanitario de emerxencias?

-Que tipo de control realiza sobre a prestación do servizo por parte das empresas?

-Cal é o resultado do informe sobre a avaliación da calidade do servizo realizado ás empresas adxudicatarias contemplado no prego de condicións?

-Vai facer algunha actuación para solucionar esta situación?

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/03/2017 17:45**  
**Nº Rexistro: 6747**  
Data envío: 16/03/2017 17:45:04.391

**Luis Bará Torres**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 16/03/2017 17:43:43**

**Noa Presas Bergantiños na data 16/03/2017 17:43:48**

**Olalla Rodil Fernández na data 16/03/2017 17:43:52**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 16/03/2017 17:43:55**

**Xosé Luis Bará Torres na data 16/03/2017 17:43:58**

**Ana Pontón Mondelo na data 16/03/2017 17:44:02**



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 04.04.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

6.       Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 04.04.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

6.1      7111 (10/POPX-000025)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a dispoñibilidade polo Goberno galego dalgún plan para frear a deterioración socioeconómica do rural



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/03/2017 16:30**  
**Nº Rexistro: 7111**  
Data envío: 27/03/2017 16:29:30.079

### **Á Mesa do Parlamento**

**Ana Belén Pontón Mondelo**, Portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

#### **PREGUNTA AO PRESIDENTE:**

“Ten algún plan en serio para frear o deterioro socioeconómico do rural galego?”

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2017

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**  
Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 27/03/2017 16:28:37**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 04.04.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

6.2      7127(10/POPX-000026)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a garantía polo Goberno galego do uso de todos os recursos que ten para atallar os problemas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 27/03/2017 18:18  
Nº Rexistro: 7127  
Data envío: 27/03/2017 18:18:08.298



 Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

**Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno, dirixida ao Sr. presidente da Xunta de Galicia.**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Sr. presidente, pode vostede garantir que a Xunta de Galicia está a usar todos os recursos de que dispón par atallar os graves problemas de Galicia.

Pazo do Parlamento, 27 de marzo de 2017

Asdo.: **Xoaquín Fernández Leiceaga**  
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/03/2017 11:12:51**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 04.04.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

6.3      7128(10/POPX-000027)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as zonas grises que hai no financiamento da Xunta de Galicia

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luís Villares Naveira**, Voceiro do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia**.

Pode explicar cales son as zonas grises na financiación da Xunta como admite que as hai na financiación do partido do Goberno?

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 27/03/2017 18:19:48**

Reunión do Pleno do Parlamento  
Día: 04.04.2017 Hora: 10:00  
Orde do día

7. Preguntas ao Goberno



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 04.04.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

7.1      7110(10/PUP-000070)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central do mantemento dos rexistros da propiedade suprimidos en Galicia polo Real decreto 195/2017, do 3 de marzo

Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral urxente** en **Pleno**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Xustificación da urxencia

**A urxencia vén dada pola entrada en vigor este mes do Real decreto do Ministerio de Xustiza 195/2017, do 3 de marzo, e que suprime nove Rexistros da Propiedade en Galicia.**

De forma esperpéntica, a demografía é utilizada para xustificar a supresión dun servizo público na nosa Comunidade Autónoma. O Real decreto 195/2017 do Ministerio de Xustiza que recolle a agrupación de Rexistros da Propiedade afectará a 9 rexistros repartidos por Galicia, sendo Ourense a provincia máis afectada.

Así, Bande e Celanova dependerán agora do rexistro de Allariz; Ribadavia, Verín e Viana do Bolo de O Carballiño; Muros de Corcubión; Quiroga de Monforte; A Fonsagrada de Ribadeo e Becerreá de Sarria e, en Pontevedra, Ponte Caldelas de Redondela. Todos pasan a ser só oficinas de recepción de documentos.

E todo sen consenso dos máis importantes neste asunto, os concellos. De feito, nestes días a Comisión Executiva da Fegamp aprobou por unanimidade demandar ao Ministerio de Xustiza, mediante unha circular urxente, que manteña abertos todos os Rexistros da Propiedade que existen a día de hoxe en Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta urxente para o seu debate en Pleno:

Vai esixir o Goberno de Galicia ao Goberno do Estado o mantemento dos Rexistros da Propiedade suprimidos polo Real decreto 195/2017?

Pazo do Parlamento, 27 de marzo de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/03/2017 16:30**  
**Nº Rexistro: 7110**  
Data envío: 27/03/2017 14:38:02.685



---

 **Grupo Parlamentario**

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 27/03/2017 14:37:15**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/03/2017 14:37:21**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/03/2017 14:37:27**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 04.04.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

7.2      5839(10/POP-000765)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do mantemento do uso sociosanitario dos terreos da antiga Residencia de Lugo

*Publicación da iniciativa, 79, 08.03.2017*



### Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O presidente da Xunta de Galiza propuxo a comezos do mes de febreiro ao Ministerio do Interior que a nova comisaría de Policía en Lugo se instale nos edificios da antiga Residencia. Posteriormente, nun encontro entre o Conselleiro de Facenda, Valeriano Martínez, a secretaria provincial do PP de Lugo e portavoz do Partido Popular na Deputación, Elena Candia, e o portavoz do PP no Senado, José Manuel Barreiro, o PP aseguraron, a través dun comunicado emitido polo propio partido, que estaban a avanzar neste obxectivo, que exige a modificación do uso socio-sanitario para o que foi cedido á Xunta o terreo no que se atopa a vella Residencia.

Na cidade de Lugo existe actualmente un único Punto de Atención Comunitaria (PAC) situado no Barrio de Fingoi polo que o servizo de urxencias extrahospitalarias só se subministra a través deste centro.

En 2012 a daquela conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera, comprometeuse a trasladar o PAC ao Materno despois de efectuar as obras necesarias nas instalacións.

Na zona norte da cidade existe un único centro de saúde no barrio da Milagrosa. Este centro de saúde atópase absolutamente desbordado, tanto polas súas dimensións físicas, como polas dotación de persoal. A zona norte precisa dun centro de saúde acorde



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/03/2017 10:26**  
**Nº Rexistro: 5839**  
Data envío: 01/03/2017 10:26:46.716

ás súas dimensións poboacionais e un dos lugares idóneos para este centro de saúde sería, xunto co PAC, o edificio da antiga Residencia.

Por todo o exposto formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Pensa manter a Xunta o uso sociosanitario dos terreos da Residencia vella?

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 01/03/2017 10:25:48**

**Noa Presas Bergantiños na data 01/03/2017 10:25:55**



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/03/2017 10:26  
Nº Rexistro: 5839

Data envío: 01/03/2017 10:26:46.716

**Ana Pontón Mondelo na data 01/03/2017 10:25:59**

**María Montserrat Prado Cores na data 01/03/2017 10:26:03**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 01/03/2017 10:26:06**

**Xosé Luis Bará Torres na data 01/03/2017 10:26:09**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 04.04.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

7.3      7126 (10/PUP-000071)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 6 máis

Sobre a posición defendida por Galicia na Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado respecto da necesidade dun pacto de Estado social e político pola educación



### Á Mesa do Parlamento

César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerigue Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Carlos López Crespo, Antonio Mouríño Villar, Moisés Blanco Paradelo, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, abeiro do disposto no 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno, polo trámite de urxencia.**

#### Xustificación da Urxencia:

A urxencia vén motivada pola importancia de coñecer de primeira man as achegas feitas polo Conselleiro de Educación hoxe mesmo na Cámara Alta dentro dos traballos para a elaboración dun Pacto de Estado Social e político pola Educación.

O luns 27 de marzo tivo lugar unha sesión da Comisión Xeral das Comunidades Autónomas no Senado, onde participou o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en representación de Galicia.

O Grupo Parlamentario Popular entende que resulta de interese coñecer cales foron os eixos de debate abordados nesa sesión que se convocou para tratar sobre o Pacto de Estado de Educación. E, sobre todo, coñecer de primeira man a posición defendida por Galicia ante o Estado e o resto de CCAA.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados asinantes formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno, polo trámite de urxencia:**

-Cál foi a posición que defendeu Galicia na Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado respecto da necesidade dun Pacto nacional no ensino?

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2.017.

#### Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 27/03/2017 18:03  
Nº Rexistro: 7126  
Data envío: 27/03/2017 18:03:44.578**

**César Manuel Fernández Gil na data 27/03/2017 18:01:10**

**Maria Antón Vilasánchez na data 27/03/2017 18:01:19**

**Teresa Egerique Mosquera na data 27/03/2017 18:01:28**

**Carlos Gómez Salgado na data 27/03/2017 18:01:42**

**Carlos Enrique López Crespo na data 27/03/2017 18:02:08**

**Antonio Mouriño Villar na data 27/03/2017 18:02:21**

**Moisés Blanco Paradelo na data 27/03/2017 18:02:32**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 04.04.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

7.4      7135(10/PUP-000072)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego diante da contradición evidente entre os novos criterios de financiamento do ensino concertado e o plan de educación en igualdade da Xunta de Galicia

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Paula Vázquez Verao, Ánxeles Cuña Bóveda, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández e Jose Manuel Lago Peñas**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**, sobre concertos educativos.

### **Xustificación da Urxencia.**

A nova orde pola que se rexera o financiamento dos concertos dos colexios privados de Galicia, ven de incluír a desaparición como obxecto preferente para os mesmos desenrolar o principio de coeducación en tódalas etapas educativas. A coeducación esta recollida no plan de actuacións en igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020 como , educar dende a igualdade de valores, oportunidades e trato as persoas”, isto supón polo tanto supresión deste valores a hora de establecer os concertos educativos.

Polo tanto a aprobación desta nova orde fará que nos centros concertados de Galicia se convivan con normas contraditorias entre si, pero sobre, todo cun elemento que vai en contra de todos os avances realizados pola sociedade galega para mellorar na igualdade dende a educación, xa que esta, deixa de ser un elemento clave a hora de acceder os concertos educativos, unha demostración de que unha cousa é o que di o goberno e outra o que decreta.



Polo anteriormente sinalado o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral no Pleno, con carácter Urxente:**

**Que vai facer o Goberno galego ante a contradición evidente entre os novos criterios de financiamento do ensino concertado e o plan de educación en igualdade da Xunta?**

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2017.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 27/03/2017 18:26:43**

**Paula Vázquez Verao na data 27/03/2017 18:26:47**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 27/03/2017 18:26:50**

**Juan José Merlo Lorenzo na data 27/03/2017 18:26:56**

**Carmen Santos Queiruga na data 27/03/2017 18:26:59**

**Antón Sánchez García na data 27/03/2017 18:27:01**

**Eva Solla Fernández na data 27/03/2017 18:27:04**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/03/2017 18:28**  
**Nº Rexistro: 7135**  
Data envío: 27/03/2017 18:28:30.309



**Luca Chao Pérez na data 27/03/2017 18:27:07**

**Paula Quinteiro Araújo na data 27/03/2017 18:27:10**

**Magdalena Barahona Martín na data 27/03/2017 18:27:12**

**José Manuel Lago Peñas na data 27/03/2017 18:27:15**

**Francisco Casal Vidal na data 27/03/2017 18:27:18**

**David Rodríguez Estévez na data 27/03/2017 18:27:21**

**Marcos Cal Ogando na data 27/03/2017 18:27:23**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 04.04.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

7.5      2910(10/POP-000308)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da  
construción urxente dun novo centro de saúde na antiga  
Comandancia de Mariña de Vilagarcía de Arousa

*Publicación da iniciativa, 43, 12.01.2017*

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo e María Luisa Pierres López**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Un obxectivo fundamental do Servizo Galego de Saúde é facilitar o acceso e a calidade asistencial ao conxunto da cidadanía. Para isto, a rede de centros de atención primaria pretende ofrecer un servizo que facilite a proximidade e acceso das persoas ao sistema sanitario.

O Centro de Saúde de San Roque, en Vilagarcía, construíuse entre os anos 1.974 e 1.975. Ao longo destes corenta anos só se fixo un investimento importante, unha ampliación no ano 1.994. O Centro de Saúde de Vilagarcía atende diariamente a unha media de 2.000 persoas e actualmente o edificio presenta importantes necesidades de espazo. Ademais, o edificio amosa unha serie de deficiencias importantes. Nos últimos anos son continuas as avarías, entre elas a máis grave é a que afecta ao único ascensor do que depende por completo a accesibilidade do edificio. Todo isto impide ofrecer unha asistencia sanitaria adecuada á poboación de Vilagarcía e é obxecto de denuncia tanto das persoas usuarias como do persoal sanitario.

No ano 2.009, gobernando o Partido Socialista na Xunta de Galicia e no Concello de Vilagarcía, asinouse un convenio para a construción dun macrocentro de saúde que respondera ás necesidades da poboación de Vilagarcía de Arousa, nos terreos da antiga Comandancia de Mariña. Coa chegada do Partido Popular á Xunta de Galicia, o proxecto quedou parado sucedéndose promesas e falsos debates sobre a construción de pequenos consultorios en diferentes puntos da localidade, que non darían resposta ás necesidades dunha poboación coma a de Vilagarcía.

O 20 de xullo de 2016 técnicos e técnicas da Consellería de Sanidade visitaron o lugar e avaliaron que o solar da Comandancia de Mariña era adecuado para a construción dun novo centro de saúde por superficie, fisionomía, accesibilidade e emprazamento.





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/01/2017 09:30  
Nº Rexistro: 2910  
Data envío: 03/01/2017 17:21:59.811



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A día de hoxe, a Xunta de Galicia ten o proxecto en suspenso, sen previsión nin a curto nin a medio prazo de investir na construción dun novo centro de saúde en Vilagarcía, mentres que a Autoridade Portuaria utiliza o edificio para ceder a colectivos con baixo nivel de ocupación e actividade, e con nula relación co Porto e o mar.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera a Xunta de Galicia a construción urxente dun novo centro de saúde da antiga Comandancia de Marina de Vilagarcía de Arousa?

Pazo do Parlamento, 3 de xaneiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Patricia Vilán Lorenzo  
María Luisa Pierres López  
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 03/01/2017 17:03:56**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 03/01/2017 17:04:01**

**María Luisa Pierres López na data 03/01/2017 17:04:05**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 04.04.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

7.6      6529(10/POP-000846)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da  
implementación de medidas de mellora para o Hospital Virxe da  
Xunqueira de Cee

*Publicación da iniciativa, 87, 22.03.2017*

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

María Dolores Toja Suárez, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A saúde é un ben básico de todos os cidadáns e a súa protección é un dereito constitucional reconecido no noso país, cuxos principios fundamentais son a universalidade, equidade, gratuidade, financiamento e provisión pública.

Hai máis de 18 anos que comezou a funcionar o Hospital Virxe da Xunqueira de Cee, a inauguración oficial foi o 16 de outubro de 1997.

Parece que foi onte, non xa cando se inaugurou, senón cando toda a comarca solicitou a súa construción e posta en funcionamento, sendo unha realidade cando o Concello de Cee, cun goberno socialista á fronte, puxo a disposición da Consellería de Sanidade os terreos, pasando a ser Cee o punto de referencia da comarca en materia sanitaria.

O paso dos anos vén xerando novas necesidades sanitarias e novas demandas por parte da poboación, que fan que o hospital precise de máis medios, tanto materiais como humanos, para atendela.

Entre as necesidades máis urxentes atópanse as seguintes:

1º.- Ampliación a tempo completo do servizo de reanimación. Actualmente aqueles pacientes que necesitan máis dun día de reanimación tras unha intervención cirúrxica son derivados ao hospital de referencia, non podendo ser atendidos no hospital de Cee.

2º.- Ampliación do servizo de nefroloxía. É necesario aumentar o persoal e postos de hemodiálise. Actualmente boa parte dos enfermos crónicos de ril da



#### Grupo Parlamentario

comarca son atendidos na Coruña porque non dispoñen de praza no hospital de Cee. Concretamente o persoal ten un só nefrólogo e catro postos de hemodiálise.

3º.- Implantación de servizo de cardioloxía. O hospital carece dun servizo de cardioloxía. É necesario a súa implantación polo menos para consultas e realización de probas médicas (como ecocardiogramas).

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A evolución natural da sociedade, con aumento importante da idade media da poboación e os cambios dietéticos e culturais que o desenvolvemento económico implica, fixo que as enfermidades cardiovasculares sexan a principal causa de morte e enfermidade nos países desenvolvidos. Isto fai que o servizo de cardioloxía sexa básico non só no tratamento dos seus propios enfermos, senón tamén no de pacientes ingresados noutros servizos do hospital que, con gran frecuencia, presentan patoloxía cardiovascular asociada á que motivou o seu ingreso.

Ademais, nalgúns aspectos, como a realización de exploracións complementarias, o servizo de cardioloxía actúa como un servizo central que presta apoio a todos os servizos do hospital. Por todo iso, o papel desenvolvido polo servizo de cardioloxía en hospitais a calquera nivel, é fundamental.

4º.- Ampliación de persoal na área do dixestivo xa que está saturado con listas de espera que van incrementándose de xeito considerable. Só hai unha especialista en dixestivo, polo que as probas médicas (endoscopias, colonoscopias.....), atránsanse de xeito preocupante.

5º.- Renovación urxente do material de quirófano que está desgastado polo uso. O hospital dispón de mesmo material desde a súa inauguración no ano 1997. Resulta preocupante no estado no que se atopa, principalmente as mesas e as lámpadas de quirófano.

6º.- Mantemento e mellora asistencial no Servizo de Xinecoloxía. O hospital de Cee é un referente na práctica de asistencia de partos de baixa intervención, solicitado por pacientes de toda Galicia e ata de fóra de Galicia. A recente implantación da mesma práctica asistencial noutros hospitais non pode supoñer unha mingua no servizo de xinecoloxía do hospital de Cee.



**Grupo Parlamentario**

7º.- Contratación de servizos externos a empresas da comarca. Desde a existencia da área de xestión integrada, en aras dunha presunta racionalización económica, certos servizos externos que viñan sendo prestados por empresas da comarca, con boa calidade de servizo e cuns prezos competitivos, pasaron a executarse por empresas externas contratadas desde Coruña, o que non supuxo unha mellora no servizo nin un aforro económico. Pola contra, si supuxeron un detrimento económico na comarca.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Ante esta situación as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Ten previsto o Goberno galego implementar medidas de mellora para o Hospital Virxe da Xunqueira de Cee?

Pazo do Parlamento, 13 de marzo de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 13/03/2017 20:07:27**

**Julio Torrado Quintela na data 13/03/2017 20:07:39**

**Noela Blanco Rodríguez na data 13/03/2017 20:07:57**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 04.04.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

7.7      6647(10/POP-000860)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta e 7 máis

Sobre o número de familias que se beneficiaron do Plan de axudas á natalidade dende a súa posta en marcha

*Publicación da iniciativa, 87, 22.03.2017*

### Á Mesa do Parlamento

Marta Rodríguez Arias, Raquel Arias Rodríguez, Aurelio Nuñez Centeno, Marian García Miguez, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Miguel Tellado Filgueira e Soraya Salorio Porral, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**.

O conselleiro de Política Social compareceu no Parlamento o pasado 7 de marzo para explicar as liñas estratéxicas do seu departamento de cara aos vindeiros catro anos que responden ao obxectivo común do goberno de garantir o benestar dos galegos e galegas, consolidando e reforzando o impulso que nos últimos anos se lle deu ás políticas sociais.

Na súa intervención indicou como eixes fundamentais de actuación:

- O apoio ás familias, en especial ás que teñen nenos, ás de rendas medias, ás monoparentais e ás numerosas.
- A ampliación dos servizos de atención aos maiores, sobre todo aos dependentes e ás persoas con discapacidade.
- A loita contra a desigualdade, a exclusión e a pobreza.
- O fomento da participación e o voluntariado xuvenil, así como a mellora da súa empregabilidade.

Na área de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, o conselleiro indicou que nesta lexislatura, e de acordo cos obxectivos recollidos no Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020, a prioridade será continuar coa mellora dos servizos sociais dirixidos ás familias e aos menores, así como favorecer a conciliación.

Os compromisos para os vindeiros catro anos neste campo pasan por seguir adiante co desenvolvemento do Programa de apoio á natalidade, en marcha dende finais de 2015, completando as medidas previstas no mesmo, como:

- A extensión e mellora dos beneficios da Tarxeta Benvida.
- A apertura de novos recursos de conciliación, sobre todo nos contornos rurais e empresariais.

- O despregue do Bono Concilia e o Bono Coidado.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas abaixo asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta en Pleno:

Cantas familias se teñen beneficiado do Plan de Axudas á Natalidade desde a súa posta en marcha?

Santiago de Compostela, 15 de Marzo de 2.017.

**Asinado dixitalmente por:**

**Marta Rodríguez Arias na data 15/03/2017 12:05:05**

**Raquel Arias Rodríguez na data 15/03/2017 12:05:21**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 15/03/2017 12:05:36**

**María Ángeles García Míguez na data 15/03/2017 12:05:45**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 15/03/2017 12:05:53**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 15/03/2017 12:06:01**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/03/2017 12:06:18**

**María Soraya Salorio Porral na data 15/03/2017 12:06:29**



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 04.04.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

7.8      6678(10/POP-000865)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da  
continuación coa concesión de subvencións a asociacións de  
apoio á muller embarazada

*Publicación da iniciativa, 87, 22.03.2017*

### Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araujo, Paula Vázquez Verao e Marcos Cal Ogando,** deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para o seu debate en Pleno.**

A Fundación Red Madre leva varios anos consecutivos recibindo subvencións por parte da Xunta de Galicia, grazas a aprobación, en 2009, polo Parlamento de Galicia, cos únicos votos a favor do PP, dunha ILP que, promovida por dita fundación, foi impulsada polo Foro de la Familia dende 2006, camuflando como “apoio á muller embarazada” unha lei reaccionaria e antiabortista.

Na práctica, a aprobación da ILP permitiu á Xunta concertar coa propia Red Madre labores directas de información a mulleres embarazadas, conforme ao propio artigo 3 da Lei 5/2010 do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada, aprobada como consecuencia da aprobación da ILP:

*“3. A Xunta de Galicia poderá concertar o desenvolvemento dos labores de información, apoio e asistencia previstos nesta lei con entidades privadas sen ánimo de lucro que teñan os fins de asistir, apoiar e informar as mulleres xestantes, co fin de asegurar que a dita atención se cubra nas catro provincias da Comunidade Autónoma galega, incluso a través da constitución de equipos itinerantes de apoio, información e asistencia ás mulleres xestantes.*



*Valorarase que as ditas entidades contén con equipos formados por profesionais con formación en calquera das áreas pedagóxicas, psicolóxicas, sociais e educativas que lles proporcionen ás mulleres xestantes atención pedagóxica, psicolóxica, social e educativa. Estes equipos contarán coa cooperación e co apoio técnico da Administración da Comunidade Autónoma.”*

Coa aprobación da ILP a Fundación buscaba unha vía de financiamento público para o seu programa reaccionario, coa excusa de dar apoio a mulleres embarazadas e a familias monomarentais.

En Galiza, dende a aprobación de dita ILP, a realidade foi que a Red Madre supliu labores que tiñan asignados os centros de asesoramento afectivo-sexual Centros Quérote, desmantelados polo goberno de Núñez Feijóo. A aprobación da lei permitiu tamén que se editara unha *Guía de Recursos, Apoio e Asistencia á Maternidade*, na que inclúen programas xestionados por agrupacións da propia Red Madre e asociacións católicas.

Ademais, aprobouse unha Lei de apoio á Familia e á Convivencia (2010), que, segundo o propio informe do Consello Económico e Social sobre o anteproxecto de lei, supón unha lei que recupera a “retórica da familia heterosexual e a maternidade como rol social vital das mulleres”. No seu artigo 27, dita Lei sinala como unha das políticas de protección á maternidade por parte da Xunta o seguinte: promover “campañas de sensibilización destinadas á concienciación social da importancia da maternidade e paternidade, ao fomento da natalidade e á protección do dereito á vida en formación”.

Do total de axudas percibidas pola Fundación Red Madre dende o 2011, son especialmente elevadas as do pasado ano 2016, ascendendo a máis 110.000 euros e representando máis do 28% do total das axudas a esta entidade dende 2009.



Especialmente chamativo resulta que esta asociación reciba estas axudas a través da Secretaría Xeral da Igualdade, a través da Resolución do 8 de abril de 2016, pola que se resolven as solicitudes de subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade.

A organización Red Madre vai contra os dereitos das mulleres de xeito recorrente, está apoiada polo Foro Español da Familia, espazo ultraconservador e católico.

Polo exposto, presentase a seguinte Pregunta:

- Ten pensado a Xunta de Galicia seguir subvencionando a asociacións reaccionarias que van contra os dereitos das mulleres?

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo  
Paula Vázquez Verao  
Marcos Cal Ogando  
Deputadas e deputado do GP de En Marea.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/03/2017 12:38**  
**Nº Rexistro: 6678**  
Data envío: 15/03/2017 12:38:28.259

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 15/03/2017 12:35:58**

**Paula Vázquez Verao na data 15/03/2017 12:36:06**

**Marcos Cal Ogando na data 15/03/2017 12:36:20**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 04.04.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

7.9        7100(10/PUP-000069)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis

Sobre as medidas concretas adoptadas ou previstas pola Xunta de Galicia para defender as terras agrarias e os postos de traballo afectados polos proxectos de extracción de seixo promovidos por Erimsa nos concellos de Frades, Mesía, Oroso e Ordes



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/03/2017 13:36**  
**Nº Rexistro: 7100**  
Data envío: 27/03/2017 13:36:56.020

### Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, relativa aos proxectos de extracción de seixo nos concellos de Frades, Mesía, Oroso e Ordes.

#### **Xustificación da urxencia**

A urxencia ven motivada pola alarma social a respecto dos proxectos de extracción de seixo nos concellos de Frades, Mesía, Oroso e Ordes.

#### **Exposición de motivos**

A empresa norueguesa ERIMSA pretende levar a cabo proxectos de extracción de seixo nos concellos de Frades, Mesía, Oroso e Ordes.

Nestes momentos están en fase de exposición pública un proxecto extractivo na parroquia de Xanceda (Mesía), e tres permisos de investigación que afectarían ós concellos de Frades, Oroso e Ordes.

Estamos a falar dunha superficie de 6.721Has. de terras agropecuarias, na súa meirande parte, de primeira calidade, que sustentan case duascenas granxas das cales o 90% son de leite que dan ocupación directa arredor de cincocentas persoas.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/03/2017 13:36**  
**Nº Rexistro: 7100**  
Data envío: 27/03/2017 13:36:56.020

O perigo real deste tipo de explotacións mineiras e a tenor do ocorrido noutras parroquias xa prospectadas e explotadas é o carácter irreversible ou no mellor dos casos custosa recuperación, en tempo e medios, da fertilidade das terras afectadas.

Estamos a falar de terras agrarias que sufriron proxectos de concentración onde se investiron diñeiros do erario público na súa mellora e que se ven ameazados recibindo un lucro por hectárea exíguo.

Estes proxectos supoñen un pequeno molete de pan pra hoxe e fame pra callada pra mañá ó deixa-la terras en situación de aridez case permanente.

Desde o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego observamos con preocupación o coñecemento destas declaracións públicas denigrantes e polo tanto presentamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno a través do deputado asinante, polo trámite de urxencia:

Ten adoptado, ou previsto adoptar, a Xunta de Galiza algunha medida concreta na defensa das terras agrarias ameazadas e dos postos de traballo en perigo?

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**  
Deputado do G.P. do BNG





**BNG**  
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/03/2017 13:36**  
**Nº Rexistro: 7100**

Data envío: 27/03/2017 13:36:56.020

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 27/03/2017 13:36:15**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 04.04.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

7.10    5242(10/POP-000675)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis

Sobre a evolución, por segmento de frota, das descargas e vendas nos últimos anos no caladoiro nacional Cantábrico noroeste

*Publicación da iniciativa, 71, 22.02.2017*

## Á Mesa do Parlamento

Carlos López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, M<sup>a</sup> Angeles García Míguez, Aurelio Nuñez Centeno, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**.

O Regulamento da UE sobre política pesqueira común establece que os Estados Membros aplicarán criterios transparentes e obxectivos, incluídos os de carácter medioambiental, social e económico, á hora de asignar as posibilidades de pesca que teñan á súa disposición.

A norma que aplica para a distribución das posibilidades de pesca no caladoiro nacional é a orde AAA/2534/2015, de 17 de novembro, pola que se establece un Plan de Xestión para os buques dos censos do Caladoiro Nacional do Cantábrico e Noroeste.

Nela establécense os criterios que priman para a asignación das posibilidades de pesca, que son o de capturas históricas ou tamén historial de capturas xunto a outros criterios que atenden a circunstancias socio-económicas, a capacidades dos buques, etcétera.

Ademais, nesta orde conviven diferentes formas de xestión desde a individual que se da no caso do arrastre ata a conxunta para artes menores.

Tras dúas campañas na que a flota de artes menores se ten rexido por este novo plan de xestión, os deputados e deputadas asinantes formulamos a seguinte Pregunta Oral en Pleno:

Cal é a evolución por segmento de flota das descargas e vendas nos últimos anos no caladoiro nacional Cantábrico Noroeste?



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/02/2017 12:21  
Nº Rexistro: 5242**  
Data envío: 16/02/2017 12:21:18.467

Santiago de Compostela, 16 de Febreiro de 2.017

**Asinado dixitalmente por:**

**Carlos Enrique López Crespo na data 16/02/2017 12:18:21**

**Teresa Egerique Mosquera na data 16/02/2017 12:18:37**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 16/02/2017 12:19:04**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 16/02/2017 12:19:14**

**Alberto Pazos Couñago na data 16/02/2017 12:19:25**

**Marta Rodriguez Arias na data 16/02/2017 12:19:46**

**Daniel Vega Pérez na data 16/02/2017 12:20:07**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)